

Diagnóstico sociolaboral das redeiras galegas



Índice de contidos

Índice de contidos	4
1. Presentación.....	6
2. Introducción.....	8
3. Metodoloxía	10
4. Datos de afiliación e actividade pesqueira.....	16
4.1. Afiliación ao Réxime Especial do Mar	16
4.2. Baixas rexistradas.....	20
4.3. Buques rexistrados e vendas en lonxas	23
5. Resultados do diagnóstico sociolaboral	31
5.1. Perfil das redeiras.....	32
5.2. Acceso á profesión de redeiras	41
5.3. Organización do traballo	56
5.4. Xornada laboral e ingresos.....	69
5.5. Saúde laboral.....	80
5.6. Participación e recoñecemento da profesión de redeira.....	95
6. Conclusións	103
Bibliografía e recursos consultados	107
Anexo I: Enquisa	109

1. Presentación

O oficio de redeiras leva desenvolvéndose de forma paralela ao da pesca, pero nun ámbito moito menos visible. Labor tradicionalmente realizada polas fillas, esposas e familiares dos mariñeiros que saían á mar, era habitual que se fixese de xeito non oficial, como complemento a outros traballos e de maneira informal. Un traballo, en esencia, feminizado e invisibilizado.

Na historia das redeiras hai unha data clave: o afundimento do Prestige, en novembro de 2002. Esta traxedia puxo en valor a necesidade de que estas artesás estiveran dadas de alta e se constituísen como colectivo profesional dentro do sector da pesca, de tal modo que, ante situacións deste tipo, puidesen verse recoñecidas. Así comezou un movemento asociacionista que contou co pulo da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos que, desde o 2002, comezou a contactar con redeiras de distintas poboacións.

Destes primeiros contactos xurdiu a celebración do II Encontro de Redeiras, que ten lugar en Santiago de Compostela. Esta xuntanza serviu como punto de partida dunha serie de intercambios de experiencias entre redeiras e asociacións de distintos portos, que daría na creación, o 30 de setembro de 2004, durante o III Encontro, da Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao.

O Peirao é froito das inquedanzas e intereses comúns, que se encamiñan cara a consecución do recoñecemento profesional e a dignificación do traballo nas redes de pesca. Este obxectivo central estase a concretar en varias medidas, como a inclusión do colectivo de redeiras na Lei de Pesca, un anuncio que chegou despois de anos de reivindicacións o 17 de maio de 2022. Isto supón, ademais, o recoñecemento do coeficiente redutor da idade de xubilación para as redeiras, entendendo que a profesión ten unha serie de condicionantes físicos e de penosidade que fai necesario un adianto na idade da xubilación.

Este é un dos avances, pero non o único, nunha loita de case vinte anos. Entre as distintas medidas que se están impulsando desde a Federación está o fomento dunha formación regrada e o recoñecemento a través dos certificados de profesionalidade dun oficio que ata o de agora apenas gozaba da consideración laboral que supón a súa inclusión nos plans formativos. O Peirao ten realizado ou impulsado diversos cursos de formación nas distintas artes de pesca, así como doutras materias como a reciclaxe e reutilización de materiais.

Estas distintas medidas buscan centrar a regulación da profesión de confección e mantemento de redes e aparellos de pesca, de tal modo que se garanta a supervivencia dun oficio que se atopa en serio risco de relevo profesional. Isto pasa por impulsar as melloras sociolaborais necesarias para dotalo do atractivo necesario

para captar ás novas xeracións. Neste sentido, é tamén importante a tarefa de fomento e difusión da diversificación profesional do oficio de redeira, un campo no que se estableceron colaboracións de diverso tipo con distintas entidades, desde centradas na artesanía como no deporte.

Actualmente, a Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao está conformada por oito asociacións: Atalaia (Baixo Miño e A Guarda), Cedeira, Cariño, Illa da Estrela de Corme, O Cerco (Cangas do Morrazo), O Fieital (Malpica de Bergantiños), Portosín e Virxe do Carme (Porto do Son). Ademais, mantén relacións de colaboración e intercambio de experiencias con outras moitas asociacións e grupos, tanto de redeiras como doutras profesións de mulleres do mar, nun movemento colaborativo que busca conseguir melloras colectivas para todas as persoas que traballan neste medio.

O Peirao, Federación galega de redeiras artesás

2. Introducción

A Federación galega de redeiras artesás O Peirao, presenta este estudo para coñecer a situación sociolaboral do colectivo de mulleres ao que representa. O Peirao constitúese no ano 2004, e nace co convencemento de que asociarse é a mellor vía para dignificar a profesión e sacar ás redeiras da situación de invisibilidade na que se atopaban. Entre os obxectivos da Federación de redeiras artesás O Peirao destacan:

- Regular a nivel nacional a profesión de confección e mantemento de redes e aparellos de pesca.
- Colaborar entre distintas Administracións.
- Loitar contra o intrusismo laboral.
- Visibilizar o traballo das redeiras galegas a nivel nacional.
- Mellorar as condicións económicas e laborais das redeiras galegas.
- Garantir o relevo xeracional.
- Buscar novas alternativas de emprego para as redeiras galegas.
- Mellorar as infraestruturas portuarias que utilizan as redeiras galegas.
- Fomentar a prevención de riscos laborais derivados do seu traballo.
- Lograr o recoñecemento das continxencias profesionais derivadas do traballo.
- Eliminar a fenda salarial existente entre os distintos subsectores adicados á confección e conservación de redes e aparellos de pesca.

O *“Plan para la igualdad de género en el sector pesquero y la acuicultura 2021 – 2027”*, publicado recentemente polo Ministerio de de Agricultura, Pesca y Alimentación, fai referencia no seu II Eixe, á necesidade de “progresar no coñecemento da realidade laboral das mulleres do sector, para reducir as fendas de xénero.” O II Eixe deste plan de igualdade refírese á mellora das condicións laborais que afectan ás profesionais do mar. O primeiro paso para conseguir melloras en referencia a calquera colectivo é coñecer a realidade do mesmo, o que xustifica a posta en marcha e a presentación deste documento.

Os obxectivos que persegue o presente estudo son os de obter datos actualizados sobre as redeiras en Galicia para delimitar o colectivo; coñecer e definir o perfil ou perfís maioritarios das mulleres redeiras; coñecer cales son as súas condicións laborais, facendo referencia ás cargas de traballo, aos espazos nos que desenvolven a súa actividade, o rendemento económico, ou ao nivel asociativo do colectivo, entre outros.

Abórdanse outras temáticas relacionadas coa realidade das redeiras, como son a saúde, a formación, e o recoñecemento e visibilidade desta profesión. Así mesmo, este estudo afonda nas principais necesidades que as redeiras identifican para a mellora das súas condicións laborais, así como na identificación dos retos que

afrontan colectivamente, xunto con propostas que elas mesmas aportan para mellorar o futuro desta fermosa profesión.

Ao tempo, encádrase ás redeiras no marco do sector pesqueiro, analizando os cambios experimentados nos últimos anos en relación ás embarcacións e ás vendas dos produtos pesqueiros, que afectan directamente á situación socio – laboral do colectivo das redeiras galegas.



Fotografía 1. Redeiras de Malpica. As fotografías recollidas neste documento están tomadas da web e das redes sociais de a, Federación galega de redeiras artesás

3. Metodoloxía

Este estudo comezou cunha revisión bibliográfica sobre documentos e informes existentes en relación á profesión das redeiras galegas. O único estudo dirixido a coñecer especificamente á situación laboral das redeiras foi publicado no ano 2012 polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. *“Redeiras, un oficio desconocido”*, constitúe un documento técnico e didáctico sobre a profesión, e ofrece un marco de datos relevantes sobre as condicións laborais das redeiras.

No ano 2014, o Instituto galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) publicaba un Estudo epidemiolóxico das redeiras (xunto con outros colectivos). Neste mesmo ano, o ISSGA publicaba unha Guía de boas prácticas para coidar da saúde laboral das redeiras. Xa no 2020, a Red Española de Mujeres en el Sector Pesquero publicaba un documento que recollía a situación laboral de diversos colectivos, entre os que analizaba as redeiras. Estas investigacións permitiron establecer un punto de partida sobre as temáticas a abordar ao longo deste estudo.

Así mesmo, consultouse outra documentación elaborada polo Campus do Mar da Universidade de Vigo, e a tese de doutoramento *“Empoderamiento femenino en contextos de gobernanza. Análisis de las experiencias de las trabajadoras de la pesca en Galicia y Euskadi”*, desenvolto por Patricia Martínez García no ano 2016.

O seguinte paso consistiu na petición de datos secundarios a fontes de información relevantes. Consultouse a plataforma en liña da Consellería do Mar (Xunta de Galicia), obtendo datos relativos ao sector pesqueiro e a súa evolución nos últimos anos, en relación ao número de buques pesqueiros e vendas nas lonxas galegas. Así mesmo, contactouse co Instituto Social da Mariña (ISM), en concreto coa Subdirección Xeral da Seguridade Social, para obter información específica sobre as altas e as baixas das persoas enmarcadas no epígrafe da Clasificación Nacional de Ocupacións CNO 7618: *“Artesanos en tejidos, cueros y materiales similares, preparadores de fibra y tejedores con telares artesanos o de tejidos de punto y afines”*.

Para a obtención de datos primarios, optouse polo deseño e realización dunha enquisa que permitiu obter un perfil profesional das redeiras, así como coñecer a súa forma de organizarse, delimitar as xornadas laborais que realizan, as características das instalacións nas que traballan, abordar a saúde no traballo e realizar unha aproximación ao asociacionismo do colectivo. A obtención de datos secundarios permitiunos elaborar unha mostra acorde cos obxectivos do estudo. A continuación preséntase a ficha técnica da enquisa:

Ficha Técnica


Universo:	Redeiras nunha situación laboral activa en Galicia. Segundo datos do ISM para febreiro de 2022 o seu número total é de 342 mulleres redeiras.
Mostra:	191 entrevistas
Tipo de mostra:	Polietápica. Nun primeiro momento realizouse unha asignación da mostra por provincias. Nun segundo momento, por porto ou lonxa. Empregáronse 18 puntos mostrais. A selección das persoas foi incidental, en función da súa dispoñibilidade para contestar ao cuestionario.
Erro da mostra:	Na hipótese dunha mostra aleatoria simple, para un nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e no suposto de máxima indeterminación ($p=q=0,5$), o erro máximo admitido na estimación dunha magnitude absoluta é de $\pm 4,72\%$.
Tipo de entrevista:	Autoadministrada de maneira presencial ou telefónica.
Depuración e gravación:	Realizouse unha comprobación da consistencia da información e a inexistencia de erros en liña de gabinete. A gravación realizouse a través dunha aplicación informática.
Análise	Análise estatística empregando software informático.
Protección de datos:	<p>No cuestionario facilitouse información sobre protección de datos que recolle o regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, Xeral de Protección de Datos e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.</p> <p>Dita información recolle a finalidade principal da enquisa, a súa lexitimación, as persoas encargadas do tratamento de datos, destinatarios/as e os seus dereitos, así como a delegación de protección datos.</p>

O traballo de campo consistiu na cobertura da enquisa e na realización dos grupos de análise e proposta. Os puntos mostrais establecéronse tras o contacto coas asociacións de redeiras federadas e non federadas, con entidades de mulleres do mar, confrarías, armadores e armadoras, empresas auxiliares e cos grupos de acción local do sector pesqueiro. Estes contactos reforzáronse nos territorios, solicitando ás

participantes no estudo o contacto doutras redeiras desenvolvendo esta actividade profesional.

A realización das enquisas presenciais levouse a cabo en grupo, lendo conxuntamente as preguntas e contestando individualmente. Esta metodoloxía serviu para poñer en común dúbidas á hora de responder e perfilar algunhas cuestións relativas ás temáticas abordadas. O total de enquisas realizadas foi de 191, distribuídos por provincias da seguinte maneira: na provincia da Coruña realizáronse 107 enquisas, en Pontevedra 72, e en Lugo 12.

Gráfico 1. Distribución da mostra segundo provincia.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191).

Un dos maiores retos do traballo de campo foi o de contactar con aquelas redeiras non asociadas, xa que desenvolven o seu traballo dunha forma menos visible, o que complica conseguir o seu contacto e dificulta a súa participación de forma presencial en espazos cos que non teñen relación diaria, e con persoas relativamente descoñecidas. Por este motivo, complementouse a realización de enquisas presenciais co contacto telefónico, distribuíndose a mostra case ao 50% en ambas modalidades de cobertura da enquisa.

Táboa 1. Distribución do tipo de entrevista por provincia.

	Presencial	Telefónica	Total
Coruña, A	40,2%	59,8%	100,0%
Lugo	75,0%	25,0%	100,0%
Pontevedra	56,9%	43,1%	100,0%
Total	48,7%	51,3%	100,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191).

Así mesmo, na seguinte táboa compártese os puntos de contacto dos que proceden as mulleres que formaron parte da mostra, segundo a provincia á que pertencen. É importante salientar o esforzo á hora de manter as porcentaxes de participación por provincia, pero tamén tendo en conta a variación nas características das persoas enquisadas: redeiras asociadas e non asociadas, cotizando no Réxime Especial do Mar e por conta allea, traballando distintos tipos de rede, e pertencendo a zonas marítimas diferentes.

Táboa 2. Distribución das entrevistas por punto de contacto.

Provincia	Punto de contacto	Número de enquisas	Porcentaxe
Coruña, A	Porto do Son	31	16,2%
	Malpica	26	13,6%
	Cariño	17	8,9%
	Corme	16	8,4%
	Cedeira	10	5,2%
	Carnota	3	1,6%
	Ribeira	2	1,0%
	Lorbé	2	1,0%
	Sada	1	0,5%
Lugo	Burela	10	5,2%
	Foz	1	0,5%
	Viveiro	1	0,5%
Pontevedra	Cangas	22	11,5%
	Portonovo	16	8,4%
	Cambados	14	7,3%
	Vilagarcía de Arousa	13	6,8%
	Guarda, A	4	2,1%
	Marín	2	1,0%
Total		191	100,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191).

Os territorios son unha das variables empregadas na análise de datos. Optouse por empregar a delimitación por Zonas Marítimas como unidades territoriais, pola súa coincidencia coas rías galegas. As Zonas Marítimas abranguen territorios próximos entre si e permiten desenvolver a análise de datos dunha forma máis exhaustiva que as provincias marítimas. O seguinte gráfico amosa as nove zonas marítimas que compoñen o mapa de Galicia.



Gráfico 2. Zonas marítimas de Galicia

Leváronse a cabo 10 grupos de análise e proposta naqueles territorios nos que se agrupan un número considerable de redeiras. O obxectivo destes grupos foi o de afondar naquelas cuestións de maior relevancia para o colectivo, propoñendo ideas de mellora e reforzando a rede de mulleres redeiras. Nos grupos de análise e proposta participaron 92 mulleres.

Táboa 3. Ordenación do traballo de campo

Provincia	Territorio	Data	Lugar de reunión	Participantes
Coruña, A	Cariño	26 de abril 2022	Nave de redeiras	10
	Cedeira	26 de abril 2022	Confraría de pescadores	4
	Corme	5 de abril de 2022	Nave de redeiras	7
	Malpica	18 abril 2022	Confraría de pescadores	9
	Porto do Son	8 abril 2022	Nave de redeiras	12
Lugo	Burela	10 de maio de 2022	Nave de redeiras	9
Pontevedra	A Guarda	13 de abril de 2022	Nave de redeiras	3
	Cangas – Moaña	19 de abril de 2022	Nave de redeiras	19
	Portonovo	5 de maio de 2022	Confraría de pescadores	16
	Cambados	20 de maio de 2022	Nave de redeiras	3
Total				92

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191).

Para ordenar os grupos de análise e proposta e dar cabida á participación de todas as mulleres, planificouse unha metodoloxía que foi aplicada naqueles puntos onde se conseguiu un número de participantes suficiente (máis de 6 mulleres). Naqueles nos que o número foi menor, estableceuse unha conversa común na que abordamos distintas temáticas relacionadas coas preguntas do cuestionario. Nos grupos de análise e proposta abordáronse as temáticas da organización do traballo; as condicións laborais e a sostibilidade da profesión; a saúde laboral; a formación e a profesionalización; e a participación, o asociacionismo e o recoñecemento das redeiras.

Cada fase deste estudo foi supervisada polo Grupo de coordinación e seguimento, facendo propostas, achegando ideas e facilitando os seus saberes no sector profesional das redeiras. O grupo de coordinación e seguimento está formado pola directiva da Federación de redeiras artesás O Peirao.



Fotografía 2. Redeiras de Porto do Son e Portosín, participando no grupo de análise e proposta. Imaxe tomada o 8 de abril do 2022

4. Datos de afiliación e actividade pesqueira

Comezamos este estudo enmarcando a actividade pesqueira galega e os datos de afiliación das redeiras deste territorio. Coñecer a realidade do sector pesqueiro no que as redeiras desenvolven o seu traballo aporta información sobre o contexto no que desenvolven a súa actividade laboral, e axuda a comprender o impacto que ten a evolución do sector nas condicións de empregabilidade do colectivo das redeiras. Así mesmo, coñecer o volume de traballadoras galegas atando aparellos permítenos dimensionar a cantidade de mulleres deste colectivo. As redeiras galegas forman unha peza fundamental do sector pesqueiro, xa que sen redes non hai pesca, e sen pesca non hai redes.

4.1. Afiliación ao Réxime Especial do Mar

En Galicia existen 375 profesionais que se dedican ao traballo de elaboración e reparación de redes, baixo o epígrafe 7618 da Clasificación Nacional de Ocupacións, correspondente a *“Artesanos en tejidos, cueros y materiales similares, preparadores de fibra y tejedores con telares artesanos o de tejidos de punto y afines”*. Así mesmo, este sector está fortemente feminizado, xa que o 91% das persoas que cotizan neste epígrafe son mulleres, un colectivo cun total de 342 redeiras.


Por territorios, A Coruña é a provincia na que se atopan o maior número de redeiras (197), seguida de Pontevedra con 123, mentres que en Lugo existen 22 redeiras. Así mesmo, Pontevedra é a provincia na que traballan un maior número de redeiros: nesta provincia atópanse 21 profesionais dos 33 que existen en toda Galicia. A concentración de redeiros na provincia de Pontevedra pode explicarse por unha maior presenza neste territorio de buques dedicados ao arrastre (a única arte de pesca na que os homes se especializan en maior medida que as mulleres).

Táboa 4. Número e porcentaxe de redeiros e redeiras no Réxime Especial do Mar por provincia. 2022

	Número			Porcentaxe		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	10	197	207	5%	95%	100%
Lugo	2	22	24	8%	92%	100%
Pontevedra	21	123	144	15%	85%	100%
Total	33	342	375	9%	91%	100%

Fonte: Instituto Social da Mariña.


Gráfico 3. Número de mulleres redeiras de alta no Réxime Especial do Mar por provincia. 2022



Fonte: Instituto Social da Mariña.

Galicia é o territorio no que se concentra o maior número de profesionais deste sector, pertencendo 342 redeiras a esta Comunidade Autónoma, do total de 448 profesionais que hai no conxunto do Estado. As redeiras galegas supoñen, por tanto, o 76,3% sobre o total de persoas ocupadas nesta profesión.

Gráfico 4. Número de redeiras de alta no Réxime Especial do Mar en Galicia e no resto de España. 2016-2022.



Fonte: Instituto Social da Mariña.

A evolución do número de redeiras no Réxime Especial do Mar nos últimos anos indica unha perda importante de profesionais neste sector, pasando das 541 mulleres dadas de alta en Galicia no ano 2016, ata as 342 que existen actualmente (datos de febreiro de 2022). A tendencia á baixa no número de redeiras tamén existe noutras comunidades autónomas, como é o caso do País Vasco, Cantabria ou Asturias, se ben a tendencia é menos evidente que no caso de Galicia, por existir menos profesionais nestes territorios.

A porcentaxe de redeiras en Galicia dende o ano 2016 reduciuse nun 36,8%, sendo este territorio o que sofre en maior medida esta perda de profesionais, comparada con outros territorios cun número significativo de redeiras.

Táboa 5. Evolución do número de redeiras no Réxime Especial do Mar segundo CCAA. 2016-2022.

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	Periodo 2016 - 2022
Galicia	541	505	466	442	409	371	342	-36,8%
País Vasco	63	60	60	58	58	52	52	-17,5%
Cantabria	34	34	36	36	33	28	28	-17,6%
Asturias	29	27	26	26	24	23	21	-27,6%
Andalucía	2	2	1	2	2	3	2	0,0%
Cataluña	1	2	1	2	2	2	2	100,0%
Murcia	2	0	1	0	0	1	1	-50,0%
C. Valenciana	1	0	0	1	1	0	0	-100,0%
Canarias	0	0	0	0	0	0	0	NP
Illes Baleares	1	0	0	0	0	0	0	-100,0%
Total	674	630	591	567	529	480	448	-33,5%

Fonte: Instituto Social da Mariña.

Esta profesión está fortemente feminizada, xa que as mulleres supoñen unha media do 85,2% das persoas cotizando no Réxime Especial do Mar como redeiras, fronte ao 14,8% que representan os homes. Esta feminización do oficio das redeiras é palpable en Galicia, onde o 90,5% das profesionais son mulleres. Nos territorios do Cantábrico (Asturias, Cantabria e País Vasco), a totalidade de redeiras son mulleres.

Táboa 6. Porcentaxe de mulleres redeiras sobre o total no Réxime Especial do Mar segundo CCAA. 2016-2022.

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
País Vasco	96,9%	98,4%	98,4%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Cantabria	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Asturias	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%
Galicia	91,5%	91,7%	91,7%	91,7%	91,3%	90,3%	90,5%
Cataluña	33,3%	50,0%	33,3%	50,0%	50,0%	50,0%	40,0%
Andalucía	14,3%	18,2%	10,0%	16,7%	18,2%	27,3%	20,0%
Murcia	66,7%	0,0%	25,0%	0,0%	0,0%	10,0%	16,7%
C. Valenciana	4,5%	0,0%	0,0%	3,8%	4,5%	0,0%	0,0%
Canarias	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Illes Balears	100,0%	NP	NP	NP	NP	NP	NP
Total	87,6%	86,8%	87,3%	87,2%	87,0%	85,0%	85,2%


Fonte: Instituto Social da Mariña.

4.2. Baixas rexistradas

Faise preciso recalcar que a perda de profesionais ten especial impacto en Galicia, sendo a Comunidade Autónoma máis afectada nos últimos anos por esta problemática. Entre o ano 2016 e o 2022, o número de redeiras en activo descendeu un 36,8%, o que pon de manifesto a necesidade de promover o relevo xeracional mediante distintas estratexias (mellora das condicións laborais, formación profesional, recoñecemento da profesión, entre outras), para que o traballo de confección e atado de redes de pesca non desapareza.

O ano 2016 foi no que maior número de baixas foron tramitadas no Instituto Social da Mariña, cun total de 52 mulleres que causaron baixa na actividade de redeira. Malia que a cantidade de baixas redúcese ao longo dos anos, o número de mulleres que cesan anualmente desta profesión é moi significativa, por ser un colectivo que conta con poucas profesionais.

Gráfico 5. Evolución das baixas de mulleres redeiras no Réxime Especial do Mar. 2016-2021.



Fonte: Instituto Social da Mariña.


Ante esta perda tan pronunciada no número de redeiras nos últimos 7 anos, analizáronse as principais causas xustificadas polo Instituto Social da Mariña. A causa maioritaria das baixas rexistradas polo colectivo das redeiras é o pase destas traballadoras á situación de pensionista, que no período 2016 - 2022 foi o caso de 153

profesionais. Como veremos máis adiante neste estudo, a media de idade deste colectivo profesional é alta, polo que é previsible que esta situación se reproduza nos vindeiros anos, provocando que o relevo xeracional sexa un dos maiores desafíos aos que se enfronta a profesión das redeiras.

Ademais, no período 2016 – 2022, 49 mulleres déronse de baixa voluntariamente no Réxime Especial do Mar, e 40 causaron baixa por cese de actividade. Así mesmo, sinalar que 2 mulleres redeiras faleceron ao longo deste período temporal, e 3 foron dadas de baixa de oficio.

As causas das baixas inclúen datos ata febreiro de 2022, motivo polo cal a cantidade de mulleres que recolleemos segundo causa das baixas é maior que as sinaladas no gráfico anterior, con datos ata o 2021.

Gráfico 6. Principais causas das baixas rexistradas nas redeiras en Galicia. Período 2016-2022.



Fonte: Instituto Social da Mariña.

Na serie temporal, o pase á situación de pensionista redúcese ao longo dos anos. No mesmo caso atópanse as baixas voluntarias na actividade, que no 2019 comezan a descender significativamente. Por contra, o cese de actividade sofre unha repunta dende o ano 2019, coincidindo coa COVID-19, polo que é posible que a pandemia tivese un efecto negativo nas cargas de traballo das redeiras que provocase a súa baixa.

Táboa 7. Evolución das principais causas das baixas rexistradas nas redeiras en Galicia. Período 2016-2022.

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	Total
Pase a situación de pensionista	34	30	29	20	21	16	3	153
Dimisión/baixa voluntaria	13	8	13	10	3	0	2	49
Por cese de actividade	4	4	5	4	9	13	1	40
De oficio	0	1	0	1	1	0	0	3
Por falecemento	1	0	0	1	0	0	0	2
Total	52	43	47	36	34	29	6	247

Fonte: Instituto Social da Mariña.

As redeiras causan baixa no Réxime Especial do Mar a unha idade media de 62,3 anos. Xubiláanse aos 67,2, mentres que a idade promedio na que se dan de baixa voluntariamente é aos 56,6 anos. A idade promedio das redeiras que se dan de baixa por cese de actividade é máis baixa, situándose nos 52,6 anos.

Táboa 8. Promedio de idade nas causas de baixa en Galicia. Período 2016-2022.

	Promedio idade
Pase a situación de pensionista	67,2
Oficio	63,3
Dimisión / Baixa voluntaria	56,6
Falecemento	53,0
Cese de actividade	52,6
Total	62,3

Fonte: Instituto Social da Mariña.

4.3. Buques rexistrados e vendas en lonxas

“*Sen pesca non hai redes, e sen redes non hai pesca*”, é un dos lemas que maior visibilidade deu ao colectivo das redeiras nos últimos anos. Sabedoras do seu papel imprescindible e interdependente co sector pesqueiro, as redeiras están inmersas na realidade dos portos e viven a súa evolución. A continuación analizamos algúns datos sobre embarcacións, que permiten establecer un contexto sobre o estado da actividade pesqueira en Galicia.

Galicia conta cunha frota actual de 4.260 buques, reducíndose lixeiramente o seu número dende o ano 2016 (-3,8%). Salienta a cantidade de embarcacións na zona marítima de Arousa, con 1.664 embarcacións na súa ría, seguida por Vigo (657) e Muros (626). Precisamente, a zona marítima de Muros é o único territorio en Galicia que aumenta lixeiramente a súa frota (1,5%), en contraposición ás zonas de Cedeira e Pontevedra, que perden un 12,5% e un 10,1% dos seus buques, respectivamente.

Táboa 9. Número de buques rexistrados en Galicia por zona marítima. 2016 e 2021.

	2016	2021	% 2016-2021
Vigo	702	657	-6,4%
Pontevedra	348	313	-10,1%
Arousa	1.709	1.664	-2,6%
Muros	617	626	1,5%
Fisterra	130	125	-3,8%
Costa da Morte	289	278	-3,8%
Coruña-Ferrol	330	318	-3,6%
Cedeira	126	110	-12,7%
A Mariña Lucense	179	169	-5,6%
Galicia	4.430	4.260	-3,8%


Fonte: Rexistro de buques pesqueiros. Consellería do Mar. Xunta de Galicia.

En relación ás embarcacións dedicadas á pesca con artes menores, constátase que este é o tipo de pesca maioritario en Galicia, destacando a zona marítima de Arousa sobre as demais. A Ría de Arousa concentra actualmente 1.598 embarcacións pescando con artes menores. A zona marítima de Muros conta con 593 embarcacións, seguida por Vigo con 517. O resto de zonas marítimas contan con

menos de 300 embarcacións por territorio, sendo A Mariña Lucense a que menos cantidade de buques de artes menores rexistra, cun total de 75.

No caso da pesca con artes menores, obsérvase un descenso nos buques rexistrados en todas as zonas marítimas, excepto na zona de Muros, que gaña 9 embarcacións con respecto ao 2016.

Gráfico 7. Número de buques de artes menores rexistrados en Galicia por zona marítima. 2016 e 2021.




Fonte: Rexistro de buques pesqueiros. Consellería do Mar. Xunta de Galicia.

No relativo ás embarcacións dedicadas ao cerco, a situación é dispar dependendo do territorio. A zona marítima da Costa da Morte é a que máis buques rexistra actualmente, cun total de 33, e tendo aumentado en 10 embarcacións a súa frota nos últimos 6 anos. Ao tempo aumentan os buques rexistrados de cerco na zona marítima de Muros, sendo o segundo territorio con maior número de embarcacións dedicadas ao cerco (29 embarcacións).

As zonas marítimas de Arousa e Vigo descenden na cantidade de buques, contando no 2021 cun total de 25 cada territorio. Tamén perde frota a zona marítima de Coruña – Ferrol (rexistrando 17 buques no ano 2021), Pontevedra (10 buques), e a Mariña Lucense con 8 buques no 2021. Cedeira mantén os 2 buques que se dedican ao cerco nos últimos anos.

Gráfico 8. Número de buques de cerco do caladoiro nacional rexistrados en Galicia por zona marítima. 2016 e 2021.



Fonte: Rexistro de buques pesqueiros. Consellería do Mar. Xunta de Galicia.

Esta tendencia descendente no número de buques rexistrados non se distribúe por igual entre os caladoiros aos que se dirixen a pescar as embarcacións. O número de buques en pesquería internacional (gran altura) descende globalmente un 4,8%, sendo significativo o descenso nos buques de arrastre (-15,2%, 5 buques menos), e aumentando lixeiramente no caso dos buques de palangre de superficie (un 2,9%, que supoñen 2 buques máis no 2021 que no 2016).

Os buques en pesquería comunitaria aumentan un 5,8%, causado polo maior número de buques de arrastre (13,6% máis), fronte ao descenso dos buques de palangre de fondo (-8%).

Nos caladoiros nacionais, o descenso de buques sitúanse globalmente nun 4%. É significativa a cantidade de embarcacións na costa galega dedicada ás artes menores (3.788) que, pese a ter un porcentaxe de descenso de embarcacións menos acusado (3,6%) en comparación co resto de artes, implica unha perda de 142 embarcacións. Ademais, existen actualmente 149 embarcacións dedicadas ao cerco nos caladoiros nacionais. No 2021 rexístranse 52 arrastreiros galegos en caladoiro nacional (-22,4%), 52 dedícanse ao palangre de superficie, 26 ao enmalle (-18,8%) e 21 ao palangre de fondo (-25%).

Táboa 10. Número de buques rexistrados en Galicia por zona marítima. 2016 e 2021.

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2016-2021
Pesquería internacional. Gran altura	104	100	97	97	99	99	-4,8%
Arrastre	33	32	29	29	30	28	-15,2%
Cerco	3	3	1	1	1	1	-66,7%
Palangre superficie	68	65	67	67	68	70	2,9%
Pesquería comunitaria. Altura	69	68	70	69	72	73	5,8%
Palangre fondo	25	44	46	23	23	23	-8,0%
Arrastre	44	24	24	46	49	50	13,6%
Caladoiro Nacional. Cantábrico / Noroeste	4.257	4.251	4.204	4.169	4.147	4.088	-4,0%
Arrastre	67	66	64	57	53	52	-22,4%
Artes menores	3.930	3.927	3.889	3.862	3.844	3.788	-3,6%
Cerco	148	150	152	152	152	149	0,7%
Enmalle	32	31	26	25	25	26	-18,8%
Palangre fondo	28	25	50	51	21	21	-25,0%
Palangre superficie	52	52	23	22	52	52	0,0%
Total	4.430	4.419	4.371	4.335	4.318	4.260	-3,8%

Fonte: Rexistro de buques pesqueiros. Consellería do Mar. Xunta de Galicia.

En canto ás vendas de produto pesqueiro rexistradas nas lonxas galegas, o peixe é a categoría que maior número de vendas produce, cun total de 138.006.011 quilogramos. Aínda así, é preciso sinalar o descenso sufrido nos últimos anos, un 19,2% dende o 2016 ata o ano 2020.

As vendas da maioría das especies diminúen, nunha media global dun 20,3%. Chama a atención a diminución dos quilos de venda dende o 2016 no caso dos gasterópodos (70,6%), e nos cefalópodos (54,8%). Pola contra, nos últimos anos aumentaron lixeiramente as vendas de crustáceos (13,9%) e algas (2,9%).

Táboa 11. Número de vendas en lonxas por especie. 2016 e 2020.


	2016	2020	Evolución 2016-2020
Peixes	170.904.645	138.006.011	-19,2%
Bivalvos	7.907.345	6.481.257	-18,0%
Cefalópodos	7.054.855	3.185.311	-54,8%

	2016	2020	Evolución 2016-2020
Crustáceos	1.062.302	1.210.025	13,9%
Equinodermos	742.590	722.808	-2,7%
Algas	420.045	432.150	2,9%
Resto das descargas	353.896	213.174	-39,8%
Poliquetos	4.825	3.596	-25,5%
Gasterópodos	6.155	1.809	-70,6%
Total	188.456.655	150.256.143	-20,3%

Fonte: Plataforma tecnolóxica de pesca. Consellería do Mar. Xunta de Galicia.

Situando as vendas rexistradas nas distintas zonas marítimas, os quilogramos de produto pesqueiro vendidos nas lonxas ten un impacto desigual dependendo do territorio. Todas as zonas perden vendas, agás a zona da Costa da Morte que aumentou un 23,5% os quilogramos vendidos dende o ano 2016. Pola contra, a zona marítima de Pontevedra é a máis afectada, diminuíndo as súas vendas case á metade (47,6%), seguida de Muros (43,9%) e Cedeira (31,5%). O resto de zonas marítimas diminuíron os quilos de produto pesqueiro vendido arredor da media, cunha redución dun 20,3%.

Gráfico 9. Evolución 2016-2020 das vendas en lonxa segundo zona marítima.



Fonte: Plataforma tecnolóxica de pesca. Consellería do Mar. Xunta de Galicia.

Cruzando os datos do tipo de produto pesqueiro capturado e o número de vendas, explícase as diminucións tan pronunciadas en algúns territorios. No caso de Pontevedra, as vendas en lonxas xustificáanse pola baixada das capturas de peixe nun 51%, e nos cefalópodos no 75,2%. A zona de Muros, pola súa parte, descende nun 49,3% a venda de peixe nas súas lonxas, e nun 68,8% no caso dos cefalópodos. A diminución da venda de peixe é menos acusada na zona marítima de Cedeira (29,9%), e a dos cefalópodos segue a liña das lonxas das zonas marítimas comentadas (77,1%).

Pola contra, na zona marítima de Arousa aumenta nun 470% a categoría que engloba o “resto de descargas”, e un 255,5% as vendas de gasterópodos. Na zona da Costa da Morte aumenta un 196,9% o resto de descargas, mentres que nesta zona marítima é na única na que as vendas de peixe aumentan (un 29,9%).

Como analizamos máis adiante, esta diminución nas capturas das distintas especies ten relación coa carga de traballo que reciben as redeiras. A interdependencia entre a pesca e o bo estado dos aparellos reflíctese na carga de traballo das redeiras, xa que existe unha relación directa: a menos saídas ao mar por parte dos barcos de pesca, menos necesidade de reparar e elaborar redes, o que resente o número e a cantidade de encargos que recibe o colectivo das redeiras.

Táboa 12. Evolución de vendas en lonxas por especie segundo zona marítima. 2016 e 2020.

	Vigo	Pontev-	Arousa	Muros	Fisterra	Costa da Morte	Coruña-Ferrol	Cedeira	Mariña Lucense	Total
Algas	-97,1%		66,6%	-100%			39,6%			2,9%
Bivalvos	-38,1%	7,6%	-19,3%	4,2%	12,7%	-47,5%	-60,1%	-31,4%	5,3%	-18,0%
Cefalópodos	-49,8%	-75,2%	-48,6%	-68,9%	-56,8%	-62,4%	-47,5%	-77,1%	-61,0%	-54,8%
Crustáceos	47,5%	11,3%	18,6%	145,8%	110,7%	37,0%	2,8%	-35,7%	-29,4%	13,9%
Equinodermos	-21,7%	1,0%	-13,7%		-30,7%	29,7%	70,3%		137,3%	-2,7%
Gasterópodos	-92,6%	46,2%	255,5%		-96,1%		-99,9%		-95,8%	-70,6%
Peixes	-19,2%	-51,0%	-14,7%	-49,3%	-3,6%	29,9%	-21,8%	-29,9%	-13,9%	-19,2%
Poliquetos	-66,8%	10,5%	5,7%	-62,6%	38,0%	-57,6%	66,9%		31,0%	-25,5%
Resto das descargas	-68,9%	-1,4%	470,9%	-62,2%	144,3%	196,9%	-69,6%	42,0%	-44,2%	-39,8%
Total	-21,0%	-47,6%	-15,9%	-43,9%	-21,1%	23,5%	-22,9%	-31,5%	-14,5%	-20,3%

Fonte: Plataforma tecnolóxica de pesca. Consellería do Mar. Xunta de Galicia.

EN RESUMO: DATOS DE AFILIACIÓN E ACTIVIDADE PESQUEIRA EN GALICIA

En Galicia existen 375 profesionais que se dedican ao traballo de elaboración e reparación de redes, baixo o epígrafe 7618 da Clasificación Nacional de Ocupacións, correspondente a *“Artesanos en tejidos, cueros y materiales similares, preparadores de fibra y tejedores con telares artesanos o de tejidos de punto y afines”*.

Trátase dun **sector fortemente feminizado**, sendo mulleres o **91%** das persoas que cotizan neste epígrafe. Na Coruña atópanse 197 redeiras, en Pontevedra 123, e en Lugo rexístranse 22 redeiras. Así mesmo, existen en Galicia 33 homes traballando baixo este epígrafe, que, xunto coas redeiras, compoñen un colectivo de 375 profesionais do mar.

Aínda que a evolución do número de redeiras no Réxime Especial do Mar nos últimos anos indica unha **forte perda de profesionais neste sector** (das 541 mulleres dadas de alta en Galicia no ano 2016, descenden ata as 342 redeiras galegas na actualidade), o que supón unha **perda do 36,8%** de profesionais neste sector. A pesar deste dato, que pon de manifesto a necesidade de **promover o relevo xeracional, as redeiras galegas representan o 76,3% das profesionais a nivel estatal**.

A evolución das baixas modera a súa diminución ao longo dos últimos 7 anos, sendo a **razón maioritaria das baixas** fundamentalmente o pase das redeiras á situación de **pensionistas, a unha idade media de 67,2 anos**. Tendo en conta todas as causas, as redeiras danse de baixa no Réxime Especial do Mar a unha idade media de 62,3 anos.

En canto ao contexto do sector pesqueiro no que as redeiras desenvolven a súa actividade profesional, sinalar que Galicia conta cunha **frota actual de 4.260 buques**, reducíndose lixeiramente o seu número dende o ano 2016 (3,8%), e tendo evolucións distintas en función da zona marítima.

O tipo de pesca maioritaria é o que emprega **artes menores**, sendo a zona marítima de Arousa quen concentra o maior número de embarcacións deste tipo. Para as embarcacións de cerco, a Costa de Morte e Muros son as zonas marítimas que contan con maior número de embarcacións.

Ademais, o **produto máis vendido nas lonxas galegas é o peixe**, cun total de 138.006.011 quilogramos rexistrados no 2020. Aínda así, esta cifra supón un descenso no peso capturado dun 19,2% dende o ano 2016.

Como se pode observar nos datos comentados neste apartado, o sector pesqueiro forma unha **cadea interdependente de profesionais**: se o número de embarcacións é menor, as vendas diminúen e as especies capturadas descenden, as actividades auxiliares á pesca (entre as que se atopan as redeiras) veranse afectadas negativamente.

Como veremos no seguinte apartado, unha das **reivindicacións das redeiras** para asegurar a **sostibilidade da profesión** é conseguir unhas mellores condicións laborais. Para acadar este obxectivo, é preciso reforzar a actividade desenvolta polo sector pesqueiro. Nas propias palabras das redeiras *“se á pesca lle vai ben, ás redeiras tamén”*.

Reforzar ás comunidades pesqueiras e asegurar as condicións para que a súa actividade sexa sostible (social, ambiental e economicamente) é o punto de partida para asegurar unhas **mellores condicións de traballo para o colectivo das redeiras**. É preciso promover o mantemento das **comunidades pesqueiras**, construíndo territorios que **afiancen poboación** e que sexan protagonistas dun **desenvolvemento local sostible**.

5. Resultados do diagnóstico sociolaboral

O obxectivo deste estudo é o de coñecer a situación sociolaboral do colectivo das redeiras, que forma parte imprescindible da realidade cambiante dos portos pesqueiros, tal como vimos no apartado anterior. Para ampliar e enriquecer esta información desenvolveuse o traballo de campo, que consistiu no deseño e na cobertura dunha enquisa, así como na realización de grupos de análise e proposta.

Preséntase esta información en seis apartados: perfil das redeiras, acceso á profesión, organización do traballo, xornada laboral, saúde laboral, e recoñecemento da profesión. Estes datos e reflexións nos permitirán coñecer máis a fondo a realidade das redeiras, analizar os retos que afronta o colectivo, e as propostas que achegan para mellorar a profesión.




Fotografía 3. Redeiras de Cangas. Imaxe tomada da páxina web da Federación de redeiras artesás O Peirao

5.1. Perfil das redeiras

O colectivo das redeiras é un grupo envellecido. A idade media das redeiras sitúase nos 53,8 anos, sendo o territorio de Muros o máis novo, cunha media de idade das redeiras de 50,7 anos; mentres que A Mariña é o territorio con redeiras máis maiores, cunha media de 57,3 anos. Na categoría “Outras zonas marítimas” agrúpanse os territorios de Fisterra e A Coruña – Ferrol, debido á menor participación na enquisa de redeiras destas zonas. Nestas zonas marítimas as redeiras teñen unha idade media similar á da Mariña.

Gráfico 10. Idade media das redeiras segundo zona marítima de traballo.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

O 53,4% das redeiras ten actualmente entre 50 e 60 anos, mentres que o 20,4% son maiores de 60 anos. Esta porcentaxe de mulleres, próximas á idade de xubilación, pasarán a esta situación nun período curto de tempo, o que pode supoñer unha perda importante de profesionais se persoas máis novas non toman o relevo da profesión. Así mesmo, é importante transmitir e conservar os saberes e a experiencia que acumulan as redeiras máis maiores, que viviron ao longo da súa experiencia laboral a profesionalización do colectivo, os inicios do asociacionismo, e outros avances conseguidos nos distintos territorios. As mulleres menores de 50 anos supoñen actualmente o 25,11% sobre o total de redeiras.

Táboa 13. Distribución das redeiras por intervalo de idade.

	Número	Porcentaxe
Menores de 50 anos	48	25,1%
Entre 50 e 60 anos	102	53,4%
Maiores de 60 anos	39	20,4%
Ns/Nc	2	1,0%
Total	191	100,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

En función do Concello no que residen as redeiras participantes, hai 3 lugares que salientan sobre o resto pola concentración de mulleres redeiras ao redor dos portos: Porto do Son (14,7% de participantes), Sanxenxo – Portonovo (14,7% de participantes), e Malpica (11% de participantes). Outros territorios como Cangas (8,9%), Cariño (8,9%) e Cambados (6,8%) tamén concentran unha cantidade importante de profesionais deste sector.

Así mesmo, é importante sinalar que algunhas das redeiras que residen en concellos próximos aos que existen asociacións, desprázanse diariamente a diferentes localidades a desenvolver o seu traballo.

Táboa 14. Distribución das redeiras por concello de residencia.


Provincia	Concello	Número	Porcentaxe
Coruña, A	Porto do Son	28	14,7%
	Malpica	21	11,0%
	Cariño	17	8,9%
	Ponteceso	12	6,3%
	Cedeira	9	4,7%
	Foz	5	2,6%
	Ribeira	4	2,1%
	Carballo	3	1,6%
	Carnota	3	1,6%
	Laxe	3	1,6%
	Oleiros	3	1,6%
	Noia	2	1,0%
	Cabana de Bergantiños	1	0,5%
	Coristanco	1	0,5%
	Mañón	1	0,5%
Lugo	Burela	4	2,1%
	Cervo	2	1,0%
	Viveiro	1	0,5%

Provincia	Concello	Número	Porcentaxe
Pontevedra	Sanxenxo	28	14,7%
	Cangas	17	8,9%
	Cambados	13	6,8%
	Moaña	4	2,1%
	Guarda, A	2	1,0%
	Marín	2	1,0%
	Rosal, O	2	1,0%
	Meaño	1	0,5%
	Nigrán	1	0,5%
	Poio	1	0,5%
Total		191	100,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Para agrupar as mulleres residentes e traballadoras en concellos próximos territorialmente empregouse a clasificación por zonas marítimas. Así, obsérvase como o 19,9% da mostra reside na Costa da Morte, mentres que no resto de zonas marítimas repártense cada zona entre o 10% e o 15% da mostra. A zona da Mariña agrupa ao 5,8% da mostra, e agrupouse en “outras zonas marítimas” aos territorios de Fisterra e A Coruña – Ferrol.

Gráfico 11. Distribución das redeiras por zona marítima de traballo.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Preguntando polo concello no que desenvolven a súa actividade profesional, obsérvase de novo que Porto do Son é o territorio no que se concentra o maior número de profesionais (33), seguido por Sanxenxo – Portonovo (28), Vigo (24), e Malpica (23). Hai concellos que reciben redeiras que non residen na localidade, como é o caso de Vigo (24), A Coruña (20), Vilagarcía (14) ou Bueu (12), onde as redeiras se desprazan a aqueles puntos nos que hai encargos. As saídas fóra de Galicia son pouco habituais na actualidade.

Táboa 15. Distribución das redeiras por concellos de traballo.


Provincia	Concello	Número	Porcentaxe
Coruña, A	Porto do Son	33	11,0%
	Malpica	23	7,6%
	Coruña, A	20	6,6%
	Cariño	17	5,6%
	Ponteceso	12	4,0%
	Cedeira	10	3,3%
	Camariñas	5	1,7%
	Laxe	5	1,7%
	Ribeira	5	1,7%
	Sada	4	1,3%
	Carballo	3	1,0%
	Carnota	3	1,0%
	Oleiros	3	1,0%
	Boiro	2	0,7%
	Cabana de Bergantiños	1	0,3%
	Coristanco	1	0,3%
	Mañón	1	0,3%
Muxía	1	0,3%	
Lugo	Burela	12	4,0%
	Foz	3	1,0%
Pontevedra	Sanxenxo	28	9,3%
	Vigo	24	8,0%
	Cambados	22	7,3%
	Cangas	21	7,0%
	Vilagarcía	14	4,7%
	Bueu	12	4,0%
	Guarda, A	4	1,3%
	Meaño	4	1,3%
	Grove, O	2	0,7%
	Marín	2	0,7%
	Nigrán	1	0,3%
Outros	Xixón	2	0,7%
	Portugal	1	0,3%
Total		301	100,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=301 concellos mencionados).

O 37,7% das redeiras conviven coa súa parella e os fillos e fillas. Ademais, o 28,3% das enquisadas conviven con familia extensa, entendida como a convivencia habitual con pais, nais, sogros e sogras, tíos e tías, netos e netas, etc. Englobamos nesta categoría a todas as persoas que conviven na mesma casa e que requiren tempo de coidados, que normalmente asumen as mulleres.

Por outro lado, o 15,2% das redeiras convive en parella sen fillos e fillas, e o 9,4% vive soa. Por último, sinalar que o 2,1% das mulleres enquisadas forman familias monomarentais.

Gráfico 12. Situación familiar das redeiras.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Atendendo á situación familiar das redeiras ao longo dos territorios, só o 9,1% das redeiras da zona da Mariña conviven con parella e fillos e fillas. Sendo o colectivo coa idade media máis alta (57,3 anos), o 63,9% das redeiras da Mariña conviven en parella pero sen fillos e fillas. Pola contra, o 57,7% das mulleres de Vigo conviven nunha unidade familiar tradicional (parella e fillos ou fillas). Ademais, na zona da Costa da Morte destaca a convivencia con familia extensa (31,6% dos casos). Na zona de Arousa atópanse un 14,3% de mulleres que forman familias monomarentais, sendo un dos territorios coa idade media máis baixa (53,7 anos). A idade das redeiras xoga un papel fundamental nas súas unidades de convivencia.

Como veremos máis adiante neste documento, a posibilidade de conciliar é unha das opcións máis sinaladas na enquisa cando preguntamos cal foi a motivación principal para escoller esta profesión. Os coidados familiares, e a asunción desta responsabilidade case en exclusiva por parte das mulleres, continúa tendo moita

incidencia na sociedade. O traballo das redeiras, ao seren autónomas na súa maioría, permite certa liberdade á hora de organizar os horarios e adaptarse ás necesidades dos e das familiares ao seu cargo.

Por outro lado, a inestabilidade das cargas de traballo e as xornadas laborais longas teñen impacto sobre a conciliación, habendo períodos de tempo nos que se concentran moitas horas diarias de traballo remunerado, que se suman ás horas de traballo de coidados. Para mellorar a calidade de vida das mulleres é preciso responsabilizarnos por igual do traballo de coidados que asumen maioritariamente as mulleres.

Táboa 16. Situación familiar das redeiras segundo zona marítima

	Convivo en parella con fillos ou fillas	Convivo en parella sen fillos ou fillas	Convivo con familia extensa	Vivo sola	Familia monom.	Outro	Ns/Nc
Zona I. Vigo	57,7%	19,2%	7,7%	11,5%	0,0%	0,0%	3,8%
Zona II. Pontevedra	43,5%	26,1%	13,0%	8,7%	8,7%	0,0%	0,0%
Zona III. Arousa	33,3%	25,9%	3,7%	14,8%	18,5%	3,7%	0,0%
Zona IV. Muros	44,8%	20,7%	24,1%	6,9%	0,0%	3,4%	0,0%
Zona VI. Costa da Morte	36,8%	23,7%	31,6%	5,3%	0,0%	2,6%	0,0%
Zona VIII. Cedeira	25,0%	42,9%	3,6%	14,3%	14,3%	0,0%	0,0%
Zona IX. Mariña	9,1%	63,6%	0,0%	9,1%	9,1%	9,1%	0,0%
Outras zonas marítimas	33,3%	22,2%	33,3%	0,0%	11,1%	0,0%	0,0%
Total	37,7%	28,3%	15,2%	9,4%	6,8%	2,1%	0,5%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Comprender a variedade na composición das familias actuais ten implicacións na forma de entender o traballo das redeiras. Nos grupos de análise e proposta abordouse a concepción do traballo que ten o propio colectivo, xa que hai non moitos anos o traballo das redeiras era considerado socialmente como unha axuda á economía familiar, no seo dunha familia tradicional. Esta concepción tivo implicacións negativas, reflectidas en distintas cuestións relativas ao traballo (a falta de asociacionismo, a invisibilidade da profesión, ou a baixa profesionalización da mesma).

Pasar da concepción “*de atadoras a redeiras*”, trouxo avances para o colectivo, que continúa promovendo melloras nas condicións laborais e que procura solucións para que o traballo que desenvolven as redeiras permita obter un salario digno, máis alá dunha “axuda familiar”.

A mellora das condicións laborais, como veremos nos seguintes apartados, é un dos retos principais aos que se enfronta o colectivo das redeiras. Nos grupos de análise e proposta recoñecen que, se estas condicións non melloran, é moi complicado promover o relevo xeracional e atraer a persoas novas á profesión.

Así mesmo, as novas xeracións que se interesan por comezar nesta profesión atópanse con algunhas dificultades, entre as que as redeiras participantes nos grupos de análise e proposta reflexionaron e que recolleemos a continuación.

Ser redeira supón un proceso de aprendizaxe longo, debido á complexidade que entrañan as reparacións e o armado das redes, e que implica unha inversión grande de tempo e de esforzo. Ademais, sen vinculación familiar no sector pesqueiro, é moi complicado conseguir clientes, xa que os armadores e as armadoras teñen unha rede de traballadoras nas que confían e coas que levan traballando anos. A falta de relevo xeracional na pesca tamén implica que os e as armadoras traballan sempre coas mesmas redeiras, o que complica as posibilidades a novas profesionais.

O sector pesqueiro non é alleo os cambios a nivel social en canto aos roles de xénero tradicionais. Este sector reflicte fortemente a división sexual do traballo, unha estrutura social que asigna tarefas e funcións ás persoas segundo sexan homes ou mulleres. Grazas aos avances sociais en canto á igualdade de dereitos entre mulleres e homes, actualmente esta división dilúese cada vez máis, e o sector pesqueiro adáptase a estes cambios.

Os traballos asociados ao mar continúan reflectindo unha especialización de homes e mulleres en distintas actividades: a pesca (94,1% homes), a acuicultura do mexillón (71,5% homes), ou a estiba nos portos e a representación en postos de toma de decisión, continúan sendo profesións ou espazos moi masculinizados. Pola súa banda, o marisqueo a pé (62,52%), o traballo de transformación nas conserveiras (63,45%) ou o traballo de reparación das redes de pesca son oficios tradicionalmente desenvolto maioritariamente polas mulleres. As tendencias van reverténdose co paso dos anos, incorporándose homes e mulleres ás distintas profesións, aínda que continúan amosando índices de especialización moi altos en función do sexo. Estes datos pertencen ao ano 2020 e reflíctense no *Plan de igualdade para o sector pesqueiro e acuícola 2021–2027*, que propón como Eixo I a incorporación das mulleres nos distintos sectores da pesca, avanzando cara porcentaxes de dedicación máis igualitarios nas distintas actividades.

Esta división sexual do traballo é o xermolo das diferenzas nas condicións laborais: a sociedade outorga maior valor ás profesións masculinizadas, que gozan de mellores salarios, maior visibilidade e recoñecemento, ou condicións laborais máis favorables (como por exemplo os coeficientes redutores da idade de xubilación); mentres que os traballos maioritariamente desenvolto polas mulleres son situados estruturalmente

nunha posición de menor valor, o que ten repercusións nas súas condicións laborais, económicas e sociais.

Os esforzos das mulleres en mellorar estas condicións e dignificar os oficios nos que tradicionalmente se situaron, supoñen que cada vez máis homes se interesen por acceder a estas profesións. No sentido contrario, as mulleres do mar loitan por facerse espazo nos sectores do mar tradicionalmente masculinizados, cun longo camiño aínda por percorrer.

EN RESUMO: PERFIL DAS REDEIRAS

Para compoñer un perfil profesional das redeiras galegas, é importante sinalar que a media de idade destas traballadoras é de 53,8 anos, existindo diferenzas entre os territorios. Esta media de idade permite afirmar que este é un **colectivo profesional envellecido**. Como vimos no apartado anterior, o pase á situación de pensionista é a causa maioritaria das baixas profesionais.

Para conservar o futuro desta profesión, hai que ter en conta que **actualmente o 20,4% das redeiras son maiores de 60 anos**. Se non se fomenta o **relevo xeracional**, esta profesión está en risco de desaparecer tal e como a coñecemos actualmente.

As redeiras residen **ao longo da costa galega**, existindo maior concentración na provincia da Coruña (Porto do Son, Malpica, e Cariño). En Pontevedra salienta a cantidade de mulleres redeiras na zona de Sanxenxo – Portonovo, Cangas e Cambados. A maior concentración de redeiras en Lugo sitúase no porto de Burela.

En canto á súa situación familiar, máis da metade das redeiras **conviven coa parella e teñen fillos e fillas ao seu cargo (37,7%), ou conviven con familia extensa (28,8%)**. Ademais, **un 16,2% das redeiras galegas viven solas ou forman familias monomarentais**. Esta variedade na composición familiar vén acompañada do cambio na concepción da profesión das redeiras, pasando de ser unha actividade entendida como unha axuda á economía familiar, a un traballo que debe **permitir un sustento por si mesmo**.

A **mellora das condicións laborais** é un dos retos aos que se enfrenta o colectivo, como paso imprescindible para asegurar o relevo xeracional e atraer a novas e novos profesionais que aseguren a continuidade desta profesión. O consenso social actual en canto á **promoción da igualdade de xénero** suma alianzas en canto á mellora das condicións laborais dos sectores tradicionalmente femininos, así como unha ruptura coa división sexual do traballo.




Fotografía 4. Participantes nun curso de formación de formadores e formadoras no ano 2020.
As fotografías recollidas neste documento están tomadas da web e das redes sociais da
Federación de redeiras artesás O Peirao

5.2. Acceso á profesión de redeiras

Os inicios na profesión de redeira danse a idades temperás, cunha media de 23,4 anos. No traballo de campo, as redeiras entenden o inicio na profesión no momento no que teñen un contacto habitual co sector pesqueiro, realizan labores menores como enfiar agullas ou axudar ás máis maiores a realizar puntadas, e aprenden rudimentariamente as distintas artes. Nalgúns casos percibían, xa dende moi novas, un pequeno salario.

Nas Rías Baixas é onde máis novas comezaron a traballar as redeiras, en idades comprendidas entre os 14 e os 19 anos. No caso de Muros, Costa da Morte e Cedeira, as redeiras comezan na profesión arredor dos 28 anos. Por último, a zona da Mariña é onde declaran ter un acceso máis tardío á profesión (aos 31,7 anos).

Gráfico 13. Idade media de acceso á profesión segundo zona marítima de traballo.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

A porcentaxe maioritaria de redeiras (38,2%) comezou a traballar con menos de 16 anos. Así mesmo, o 34% da mostra comezou a traballar como redeira entre os 16 e os 30 anos. Por último, o 27,2% comezou a traballar neste sector con máis de 30 anos.

É importante ter en conta os cambios sociais vividos nos últimos 50 anos para comprender estes datos: unhas xeracións atrás, a actividade nos portos pesqueiros era moito máis accesible ás xeracións novas (sobre todo nas familias mariñeiras),

onde os nenos e as nenas vivían nas comunidades pesqueiras “cara ao mar”, en contacto coa actividade que se desenvolvía día a día nos peiraos. Desta forma aprendían o oficio e se incorporaban a traballar dende idades moi novas.

Esta realidade é moi diferente agora, en parte por que existe unha maior desconexión entre a actividade pesqueira e as persoas que residen nos territorios costeiros.

Táboa 17. Distribución das redeiras segundo intervalo de anos ao que comezou a traballar.

	Número	Porcentaxe
Menos de 16 anos	73	38,2%
De 16 a 30 anos	65	34,0%
Máis de 30 anos	52	27,2%
Ns/Nc	1	0,5%
Total	191	100,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

É habitual que as redeiras se especialicen en algún tipo de arte, e tamén que traballen conxuntamente artes menores e cerco, polo que creamos a categoría “combinación de artes”. Son estas redeiras as que comezaron a unha idade máis temperá no oficio, con 19,7 anos de media; pola contra, as mulleres que se dedican en exclusiva ás artes menores comezan máis tarde, aos 27,5 anos.

Táboa 18. Media de idade de comezo no traballo segundo tipo de arte

	Media idade comezo traballo
Combinación artes	19,7
Só Artes Menores	27,5
Só Cerco	22,1
Só Palangre ou Arrastre	22,8
Media global	23,4

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

As mulleres que non forman parte de ningunha asociación comezan antes no traballo que as que si están asociadas (aos 19,2 anos, fronte aos 24,9 anos de media).


Táboa 19: Media de idade de comezo no traballo segundo condición asociada ou non asociada

	Media idade comezo traballo
Está asociada	24,9
Non está asociada	19,2
Media global	23,4

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

No relativo aos anos de cotización das redeiras, a porcentaxe maioritaria (44,5%) cotizou un total de entre os 16 e os 25 anos. Un 28,3% cotizou entre 6 e 15 anos, e un 17,8% das redeiras cotizou menos de 5 anos. Só o 7,9% das redeiras cotizou menos de 5 anos. Só o 7,9% das mulleres cotizou entre 26 e 35 anos, e o 0,5% ten cotizados por enriba dos 35 anos.

Gráfico 14. Distribución segundo anos cotizados como redeiras.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

É importante destacar que son as zonas marítimas de Vigo (26,9%) e A Mariña (18,2%) as que contan con porcentaxes máis altas de mulleres que teñen cotizados entre 25 e 35 anos. Pola contra, as zonas de Arousa (29,6%), A Mariña (27,3%) e Pontevedra (26,1%), son as zonas que concentran as porcentaxes máis elevadas de cotización por debaixo dos 5 anos á Seguridade Social como redeiras.

Táboa 20. Anos cotizados segundo zona marítima

Zona	Menos de 5 anos	Entre 6 e 15 anos	Entre 16 e 25 anos	Entre 26 e 35 anos	Máis de 35 anos	Ns/Nc
Zona I. Vigo	7,7%	23,1%	38,5%	26,9%	3,8%	0,0%
Zona II. Pontevedra	26,1%	34,8%	39,1%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona III. Arousa	29,6%	25,9%	37,0%	7,4%	0,0%	0,0%
Zona IV. Muros	13,8%	34,5%	51,7%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona VI. Costa da Morte	13,2%	36,8%	47,4%	2,6%	0,0%	0,0%
Zona VIII. Cedeira	17,9%	21,4%	46,4%	10,7%	0,0%	3,6%
Zona IX. Mariña	27,3%	0,0%	54,5%	18,2%	0,0%	0,0%
Outras zonas marítimas	11,1%	33,3%	44,4%	0,0%	11,1%	0,0%
Total	17,8%	28,3%	44,5%	7,9%	1,0%	0,5%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Así mesmo, por tramos de idade atopamos que aquelas mulleres máis próximas á idade de xubilación (as maiores de 60 anos), cotizaron entre 16 e 25 anos como redeiras no 61,5% dos casos, o que pode ter implicacións importantes en canto ás contías que percibirán na súa xubilación. Desta forma, atopamos mulleres que traballaron dende moi novas pero non teñen cotizado na mesma medida.

Precisamente, foi esta xeración de mulleres a que loitou por que esta profesión fose recoñecida como un traballo, despois de anos traballando de xeito informal. De feito, vemos que a porcentaxe de mulleres maiores de 60 anos que cotizou entre 16 e 25 anos á Seguridade Social (o 61,5%) contrasta coa idade á que comezaban a traballar nos aparellos (26,6 anos). Só o 10,3% cotizou entre os 26 e os 35 anos, e un 5,1% das redeiras maiores de 60 anos ten cotizados máis de 35 anos.

Para comprender estas diferenzas entre os anos traballados e os anos cotizados é importante coñecer a historia vinculada á profesión das redeiras, xa que non foi ata a década dos anos 2000, dadas as consecuencias provocadas polo Prestige no conxunto do sector pesqueiro, que a actividade das redeiras comeza a facerse visible e a recoñecerse como profesión.

Tradicionalmente, o traballo de reparación e confección de aparellos de pesca era desenvolto polos mariñeiros nos propios barcos, levando a reparar á terra só aquelas avarías en redes de gran tamaño. Dado o carácter tradicionalmente familiar das actividades pesqueiras nas costas galegas, as mulleres foron ocupándose da reparación dos aparellos de pesca, concibíndose como unha axuda á economía familiar, sen ter a consideración de traballo.

Moitas das redeiras que hoxe en día están en activo e con idades próximas á xubilación aprenderon a atar as redes como un feito cultural, vinculado ás súas vilas e ás familias mariñeiras, e naturalizado como unha actividade necesaria para a pesca, pero non recoñecido como actividade laboral.

Despois do 2000, o impulso do propio colectivo ante a falta de seguridade no traballo (por consecuencia directa do desastre ecolóxico e social que supuxo o Prestige, pero tamén ante paros de actividade, enfermidades laborais ou de cara á xubilación), conseguiu promover un cambio de mentalidade nas propias redeiras primeiro, e na sociedade despois, para que esta actividade teña o recoñecemento que se merece.

A medida que descendemos nos tramos de idade, observamos que canto máis novas son as redeiras, máis altas son as porcentaxes en cada tramo de cotización, o que dá conta do convencemento e os avances das redeiras no recoñecemento da profesión e na evolución no traballo das redeiras.

Táboa 21. Anos de cotización segundo tramos de idade das redeiras.

	Menos de 5 anos	Entre 6 e 15 anos	Entre 16 e 25 anos	Entre 26 e 35 anos	Máis de 35 anos	Ns/Nc
Menores de 50 anos	31,3%	39,6%	25,0%	2,1%	0,0%	2,1%
Entre 50 e 60 anos	16,7%	27,5%	46,1%	9,8%	0,0%	0,0%
Maiores de 60 anos	5,1%	17,9%	61,5%	10,3%	5,1%	0,0%
Ns/Nc	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Total	17,8%	28,3%	44,5%	7,9%	1,0%	0,5%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Non se aprecian diferenzas nos anos de cotización das redeiras segundo o tipo de arte ao que se dedican. Sen embargo, as redeiras que traballan asociadas teñen porcentaxes máis altos de cotización. Esta circunstancia pon de manifesto a importancia de traballar en grupo e de forma colaborativa, xa que se visualiza unha maior resiliencia e capacidade para manter carga de traballo suficiente, facendo do traballo das redeiras unha profesión sostible.

Táboa 22. Anos de cotización segundo as redeiras están asociadas ou non asociadas

	Menos de 5 anos	Entre 6 e 15 anos	Entre 16 e 25 anos	Entre 26 e 35 anos	Máis de 35 anos	Ns/Nc
Está asociada	11,3%	26,2%	51,1%	9,9%	1,4%	0,0%
Non está asociada	36,0%	34,0%	26,0%	2,0%	0,0%	2,0%
Total	17,8%	28,3%	44,5%	7,9%	1,0%	0,5%


Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Así mesmo, a maioría das redeiras cotizan baixo o Réxime Especial do Mar (80,6%), fronte a un 10,5% das enquisadas que traballa no Réxime xeral por conta allea, e un 8,4% que traballan no Réxime xeral por conta propia, en epígrafes distintos ao CNO 7618.

É importante destacar que na zona marítima de Pontevedra é maioritaria a cotización no Réxime Especial do Mar, pero cunha porcentaxe moito menor que no resto dos territorios (43,5%). A cotización por conta allea acada porcentaxes do 26,1% das redeiras de Pontevedra, do 25,9% das de Arousa, e do 17,2% da zona marítima de Muros.

O 18,8% das menores de 50 anos traballan por conta allea no Réxime Xeral, mentres que o 89,7% das maiores de 60 anos cotizan no Réxime Especial do Mar.

Gráfico 15. Distribución segundo réxime de cotización.




Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Preguntadas pola forma principal de aprendizaxe da profesión, as redeiras declaran ter aprendido a atar a través das compañeiras (39,8%), e “por tradición familiar, aprendín de pequena” (36,1%). O 17,3% sinala que aprendeu mediante cursos de formación (esta opción foi escollida polo 41,4% das redeiras da zona marítima de Muros), e o 6,3% das redeiras declara que a súa forma principal de aprendizaxe da profesión de redeira foi a través da experiencia.

Nesta pregunta resultou custoso escoller só unha resposta, xa que na maioría das mulleres confluían diferentes circunstancias. Aínda así, ao obrigal as a escoller a forma de aprendizaxe principal, as redeiras salientaron o apoio recibido e a solidariedade entre mulleres, repetindo frases de recoñecemento ás mentoras como *“perderon tempo de traballo ensinándome”, “mentres eu aprendía, elas deixaban de gañar”*; e tamén os aspectos que teñen que ver coa parte máis cultural e identitaria dos territorios, declarando nos grupos de análise e proposta que *“nos veráns achegábase ao porto e vías ás mulleres atando nos peiraos, preguntabas, falabas con elas e te deixaban coller a agulla e probar, e así comezabas”*.

O 48% das redeiras que teñen entre 50 e 60 anos escolleron “a través das compañeiras” como forma principal de aprendizaxe. Ademais, o 45,8% das redeiras dedicadas exclusivamente ao cerco escollen como a súa forma principal de aprendizaxe esta tradición familiar nos peiraos.

Gráfico 16. Principal forma de aprendizaxe da profesión de redeira.




Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

En canto á formación das mulleres redeiras, sinalar que o 85,9% das enquisadas contan co Certificado de profesionalidade, que é o documento expedido que recoñece e acredita que a persoa está cualificada para desenvolver este traballo.

Ademais, o 60,7% das profesionais contan co Diploma de redeira artesá, un acordo de colaboración asinado no ano 2016 entre a Consellería do mar e a Fundación Centro galego da artesanía e do deseño, no marco do seu proceso de diversificación profesional.

En porcentaxes menores, o 11,5% das redeiras son formadoras de formadoras, o 7,3% conta con formación marítimo pesqueira, e o 4,7% son asesoras e avaliadoras dos cursos de redeiras.

Gráfico 17. Formación específica das redeiras relacionada co sector pesqueiro.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

A zona marítima de Pontevedra é a que conta cun menor número de mulleres co Certificado de profesionalidade (o 56,5%). Nesta zona declaraban a necesidade de convocar exames con maior frecuencia, para poder traballar como redeiras. Así mesmo, na zona de Arousa contan con certificado de profesionalidade 7 de cada 10 redeiras.

En canto á acreditación como redeiras artesás, destacan as zonas marítimas de Cedeira, Costa da Morte, e A Mariña, onde o 82,1%, o 78,9% e o 72,7% das mulleres contan co Diploma de redeira artesá. Por último, destacar que na zona de Muros o 10,3% das redeiras son asesoras e avaliadoras de cursos de redeiras, e na Costa da Morte, o 18,4% ten formación marítimo - pesqueira. Son as redeiras deste territorio e tamén as de Cedeira as que amosan maiores porcentaxes en canto a formadoras de formadoras.

Táboa 23. Formación segundo zonas marítimas

	Certificado de profesión.	Diploma de redeira artesá	Asesora e avaliadora	FP marítimo-pesqueira	Formadora de formadores	Outro
Zona I. Vigo	100,0%	53,8%	7,7%	7,7%	7,7%	0,0%
Zona II. Pontevedra	56,5%	47,8%	0,0%	0,0%	0,0%	13,0%
Zona III. Arousa	70,4%	25,9%	0,0%	11,1%	7,4%	0,0%
Zona IV. Muros	86,2%	62,1%	10,3%	3,4%	10,3%	3,4%
Zona VI. Costa da Morte	92,1%	78,9%	5,3%	18,4%	15,8%	5,3%
Zona VIII. Cedeira	92,9%	82,1%	3,6%	0,0%	14,3%	3,6%

	Certificado de profesión.	Diploma de redeira artesá	Asesora e avaliadora	FP marítimo-pesqueira	Formadora de formadores	Outro
Zona IX. Mariña	100,0%	72,7%	0,0%	0,0%	9,1%	0,0%
Outras zonas marítimas	100,0%	55,6%	11,1%	11,1%	44,4%	0,0%
Total	85,9%	60,7%	4,7%	7,3%	11,5%	3,7%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

A condición de asociada ou non asociada amosa diferenzas na formación das redeiras, tendo as asociadas maiores porcentaxes de formación que as non asociadas. Mentres que o 95,7% das redeiras asociadas teñen o certificado de profesionalidade, só o 58% das non asociadas teñen esta titulación.

O diploma de redeira artesá está recoñecido para o 69,5% das asociadas, mentres que só o 36% das non asociadas o cursaron. O 14,2% das redeiras asociadas son formadoras de formadores, fronte ao 4% das non asociadas. O 9,2% das redeiras asociadas teñen outra formación marítimo pesqueira, como o 2% das redeiras non asociadas.

Táboa 24. Formación segundo condición de asociada ou non asociada

	Certificado de profesión.	Diploma de redeira artesá	Asesora e avaliadora de cursos de redeiras	Formación profesional marítimo-pesqueira	Formadora de formadores	Outro	Ns/NC
Está asociada	95,7%	69,5%	5,7%	9,2%	14,2%	2,1%	0,0%
Non está asociada	58,0%	36,0%	2,0%	2,0%	4,0%	8,0%	2,0%
Total	85,9%	60,7%	4,7%	7,3%	11,5%	3,7%	0,5%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

A formación e profesionalización do traballo foi un dos bloques abordados nos grupos de análise e proposta. É importante sinalar que non foi ata o ano 2009, coa publicación do *Real decreto 1376/2009*, que as redeiras puideron certificar a súa profesionalidade. Antes, as redeiras con máis experiencia formaban ás mulleres máis novas que querían aprender a profesión, dun xeito informal, sen percibir remuneración por esta labor formativa e sen un programa de contidos homologado. Actualmente, pode accederse ao certificado de profesionalidade por dúas vías:

1. Mediante o recoñecemento da experiencia profesional, que recoñece que unha muller é redeira cando ten cotizados 3 anos neste epígrafe profesional nos últimos 15 anos. Dada a estacionalidade do traballo e os baixos salarios, algúns grupos de análise e proposta consideran este período como excesivo. O recoñecemento da experiencia profesional é unha competencia da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

2. A realización dun curso de formación, e aprobar un exame que acredite os coñecementos adquiridos pola persoa para poder traballar. Nos grupos de análise e proposta xorden varias cuestións de mellora en relación aos cursos de formación: en varios territorios declaran a necesidade de promover cursos con maior periodicidade. Dada a falta de relevo xeracional e a necesidade de profesionais nalgúns territorios, as redeiras consideran necesario ofrecer máis oportunidades de formación. Ademais, é preciso mellorar a coordinación das datas nas que se imparten os cursos e a convocatoria das probas, xa que algunhas mulleres atópanse esperando á oportunidade de obter o título dende o ano 2019, no que foi a última convocatoria. Esta situación abócaas á economía somerxida, á procura doutra actividade laboral, ou á perda dos coñecementos adquiridos, xa que son habilidades que, se non se practican, se perden.

Outras cuestións sinaladas para mellorar os cursos de formación teñen que ver coa súa organización e cos criterios de acceso aos mesmos. As formacións están planificadas e organizadas de tal forma que os fai incompatibles para a asistencia de mulleres que xa son traballadoras. Os cursos propoñen 330 horas de formación, esixindo unha dedicación completa, en localidades concretas que obrigan ao desprazamento diario, con implicacións económicas e de horario que ás veces son incompatibles coas necesidades das mulleres, que non poden asistir á formación pola imposibilidade de compatibilizar a vida laboral, familiar e formativa.

Polo que fai aos criterios de acceso para conseguir a acreditación profesional, moitas mulleres vense excluídas xa que non cumpren cos requisitos (entre os que se atopan “ser operadores do sector pesqueiro, ser pescadores ou mariscadores, ser cónxuxes de pescadores ou mariscadores autónomos, ou ter outras titulacións ou certificados para traballar no sector pesqueiro”).

A raíz da actual planificación da formación, nos grupos de análise e proposta as redeiras perciben o paradoxo de que moitas das persoas que participan nos cursos de formación non exercen despois como redeiras e redeiros, e non se dan de alta neste epígrafe tendo a posibilidade de facelo. Á vez, constatan que hai persoas cotizando neste epígrafe pero que non están atando redes na súa xornada laboral. Neste punto é importante lembrar que a cota de autónomas do epígrafe no que entran as redeiras é máis atractivo que o de outras profesións, por que está subvencionado. Existe unha percepción compartida polo colectivo de redeiras en activo de que o curso de formación están cursándoo moitas máis persoas das que logo se incorporan a esta profesión, polo que propoñen facer un seguimento e avaliación posterior á realización dos cursos, para coñecer a súa capacidade de inserción laboral.

Así mesmo, os grupos de análise e proposta consideran moi importante conseguir que o oficio de redeira pase a formar parte da oferta da Formación Profesional, xa que

sería un avance definitivo en canto á profesionalización do colectivo e tamén melloraría a visibilidade das redeiras e da profesión, ofrecéndoa ás novas xeracións como un medio de vida que permite un sustento, ademais de conservar os saberes e os traballos vinculados ao mar. Esta formación tería que estar caracterizada polo alta calidade dos contidos, contando con redeiras con ampla experiencia profesional. Contar cunha formación profesional daría un maior prestixio á actividade redeira, e a situaría como unha profesión con futuro, relacionada co mar e arraigada nas zonas costeiras.

Neste sentido, unha reflexión interesante sobre os saberes e os coñecementos das redeiras, é o de reverter a tendencia dos colectivos a especializarse cada vez máis. Nas súas palabras *“as redeiras de antes sabían facer de todo, mentres que nós conformámonos co que sabemos facer”*. O feito de estar cada vez máis especializadas (nun tipo de rede, por exemplo), provoca que se perdan oportunidades laborais, pero tamén unha perda máis profunda, que ten que ver coa identidade, co orgullo de ser redeira e coa cultura mariñeira. Por iso, algunhas redeiras reflexionaban sobre o significado de ser redeira, e concluían que para ser redeira, todas deberían ter, como mínimo, unhas nocións básicas de todos os aparellos.

Por último, as redeiras participantes nos grupos de análise e proposta perciben unha menor base profesional nas novas xeracións, derivada dos cambios da sociedade. Antes, as redeiras comezaban na profesión a idades moi temperás, con historias de vida e cunha tradición familiar moi asociada á actividade dos portos, o que confería unha base de coñecementos sobre o funcionamento do sector pesqueiro dende moi novas. Na actualidade, este vínculo entre as persoas que viven nas zonas costeiras e a actividade nos portos non existe. Os saberes que antes eran naturais, como coñecer os distintos tipos de aparello, que tipo de peixe se pesca con elas, as características das embarcacións, o funcionamento dos portos pesqueiros, e algunhas habilidades relacionadas coas redes (como enfiar agullas ou atar de forma rudimentaria), son inexistentes a día de hoxe no saber popular.


Por este motivo é moi importante contar cunha formación teórico – práctica, na liña da Formación Profesional duals, xa que esta profesión apréndese co apoio dun grupo, e mediante a experiencia. Nas conversas coas redeiras máis experimentadas, calculan que unha persoa tarda arredor de 5 anos en dominar unha arte. Integrar ás persoas que queren aprender esta profesión na parte práctica da mesma axudaría a xerar un maior interese entre a xente nova, melloraría as competencias das persoas que queren facer das redes a súa profesión, e fomentaría o relevo xeracional.

En canto a temas de interese para a formación das redeiras en activo, sinalan que lles gustaría participar en charlas, xornadas ou cursos sobre seguridade laboral e riscos laborais, aprender a coller cargas con seguridade, aprender a empregar maquinaria con seguridade, boas prácticas para previr lesións e malas posturas, utilización de

elementos de seguridade no traballo (EPIs, máscaras, entre outras), habilidades dixitais para aprender a consultar datos relativos á súa vida laboral, artesanía e diversificación da actividade para cando hai pouca carga de traballo, liderado e asociacionismo, entre outros.

Preguntadas pola motivación principal para escoller a profesión de redeira, o 31,9% sinalaba que era a saída laboral máis viable no territorio no momento no que empezaban a traballar. Así mesmo, o 27,2% tiña vinculación co sector pesqueiro; e o 16,8% escolleu atar redes polas posibilidades para conciliar coas responsabilidades familiares.

Gráfico 18. Motivación principal para escoller a profesión de redeira.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

O 60,9% das redeiras de Pontevedra e o 51,9% da zona de Arousa declaraban que escolleron ser redeira porque o percibían como unha saída laboral viable no territorio, resposta escollida polo 52% das redeiras que non pertencen a ningunha asociación. O 41% das redeiras galegas que comezaron na profesión por este motivo tiñan entre 50 e 60 anos.

A vinculación previa co sector pesqueiro é a razón para comezar na profesión para o 37,9% das redeiras de Muros, e é a opción escollida polo 43,8% das mulleres menores de 50 anos. En canto á conciliación, chama a atención a porcentaxe da Mariña, territorio onde escollen esta opción o 36,4%. Así mesmo, o 50% das redeiras que se dedican exclusivamente ao palangre e ao arrastre argumentan a conciliación como motivación principal para escoller esta profesión.

Táboa 25. Motivo principal para escoller a profesión de redeira segundo zona marítima

	Era a saída laboral máis viable	Tiña vinculación co sector pesqueiro	Permíteme conciliar	Gústalle a profesión	Continuar coa tradición familiar	Por unha cuestión económica	Outro
Zona I. Vigo	19,2%	23,1%	15,4%	3,8%	26,9%	7,7%	3,8%
Zona II. Pontevedra	60,9%	17,4%	4,3%	4,3%	4,3%	8,7%	0,0%
Zona III. Arousa	51,9%	14,8%	11,1%	7,4%	11,1%	3,7%	0,0%
Zona IV. Muros	24,1%	37,9%	24,1%	10,3%	0,0%	0,0%	3,4%
Zona VI. Costa da Morte	18,4%	31,6%	23,7%	15,8%	5,3%	5,3%	0,0%
Zona VIII. Cedeira	25,0%	32,1%	14,3%	7,1%	3,6%	17,9%	0,0%
Zona IX. Mariña	27,3%	18,2%	36,4%	9,1%	0,0%	9,1%	0,0%
Outras zonas marítimas	44,4%	44,4%	0,0%	0,0%	0,0%	11,1%	0,0%
Total	31,9%	27,2%	16,8%	8,4%	7,3%	7,3%	1,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).


Táboa 26. Motivo principal para escoller a profesión de redeira segundo idade

	Era a saída laboral máis viable	Tiña vinculación co sector pesqueiro	Permíteme conciliar	Gústalle a profesión	Continuar coa tradición familiar	Por unha cuestión económica	Outro
Menores de 50 anos	18,8%	43,8%	22,9%	8,3%	0,0%	6,3%	0,0%
Entre 50 e 60 anos	43,1%	18,6%	11,8%	7,8%	8,8%	7,8%	2,0%
Maiores de 60 anos	17,9%	28,2%	23,1%	10,3%	12,8%	7,7%	0,0%
Ns/Nc	50,0%	50,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Total	31,9%	27,2%	16,8%	8,4%	7,3%	7,3%	1,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Dado o marcado carácter feminino desta profesión (as mulleres supoñen o 90,5% sobre o total de profesionais neste epígrafe), preguntamos polas razóns que dan as propias redeiras a esta cuestión. A maioría considera que a profesión de redeira é ocupada por unha maioría de mulleres porque é un traballo considerado como complemento económico nas familias (37,5%), porque da a posibilidade de conciliar coas responsabilidades familiares (25,1%), e porque é unha profesión identificada coas mulleres (22%). En menor medida consideran que a maioría de redeiras son mulleres por continuar coa tradición familiar (6,8%).

Gráfico 19. Razón principal de que a maioría de profesionais da actividade de redeira sexan mulleres



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Os cruces de datos por zona marítima, tipo de arte traballada e idade non amosan diferenzas, pero de novo, o pertencer ou non a unha asociación determina a interpretación que dan as redeiras das posibles razóns da feminización do sector.

Entre as asociadas, o 43,3% considera que é por que esta profesión foi considerada como un complemento económico para as familias, mentres que só o 22% das non asociadas daba esta explicación. Por outro lado, o 34% das non asociadas consideran que é unha profesión que se identifica coas mulleres, fronte ao 17,7% das asociadas.

O 16% das redeiras non asociadas considera que a razón de que sexa unha profesión feminizada ten que ver con continuar coa tradición familiar, fronte a un 3,5% das redeiras asociadas. Por último, o 27,7% das redeiras pensa que a maioría de profesionais son mulleres porque é unha profesión que facilita a conciliación, fronte ao 18% das non asociadas.

Táboa 27. Razón principal de que a maioría de profesionais da actividade de redeira sexan mulleres, segundo condición de asociadas ou non asociadas

	Porque é complemento económico nas familias	Porque da a posibilidade de conciliar	Porque é unha profesión que se identifica coas mulleres	Por continuar coas tradicións familiares	Outro	Ns/Nc
Está asociada	43,3%	27,7%	17,7%	3,5%	2,8%	5,0%
Non está asociada	22,0%	18,0%	34,0%	16,0%	2,0%	8,0%
Total	37,7%	25,1%	22,0%	6,8%	2,6%	5,8%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

EN RESUMO: ACCESO Á PROFESIÓN DE REDEIRA

As redeiras entrevistadas **comezan a traballar a unha idade media de 23,4 anos**, e un **38,2%** das redeiras galegas comezou a traballar nas redes **sendo menores de 16 anos**. Como vimos no apartado anterior, a idade media actual das redeiras é de 53,8 anos. Pola contra, a porcentaxe maioritaria das redeiras, **o 44,5%, ten cotizados entre 16 e 25 anos**. Este desfase entre anos traballados e anos cotizados está relacionado co cambio na concepción da profesión das redeiras.

As redeiras máis próximas á idade de xubilación, aquelas maiores de 60 anos, son as que maioritariamente teñen cotizados entre 16 e 25 anos. Elas foron a xeración de mulleres que **liderou a profesionalización das redeiras** e que, pese ao esforzo e o camiño que abriron para as máis novas, comezaron a cotizar tarde. Esta situación pode ter implicacións importantes en canto ás contías que percibirán na súa xubilación.

As porcentaxes en cada tramo de cotización aumentan nas redeiras máis novas, o que dá conta dos esforzos realizados polas redeiras con maior experiencia para concibir esta profesión como un traballo. Así mesmo, **as redeiras que forman parte de algunha asociación teñen porcentaxes máis altos de cotización que as que traballan individualmente**.

A maioría das redeiras cotizan baixo o **Réxime Especial do Mar (un 80,6%)**, sendo as mulleres maiores de 60 as que máis empregan esta modalidade, mentres que as máis novas traballan tamén no Réxime Xeral por conta allea (especialmente nas zonas de Pontevedra, Arousa e Muros).

A forma principal de **aprendizaxe da profesión é a través das compañeiras**, seguida pola aprendizaxe por **tradición familiar**, e mediante **cursos de formación**. En canto ao nivel formativo, as redeiras que traballan **asociadas amosan mellores datos** en canto á obtención das **titulacións** relacionadas co sector pesqueiro.

As redeiras manifestan a necesidade de que a Administración **retome a posta en marcha dos exames para acceder ao certificado de profesionalidade**, e propoñen melloras na organización dos cursos e probas esixidos para obter o **certificado profesional**. Para continuar dando valor, conservando e profesionalizando esta actividade laboral, consideran importante incluíla baixo a fórmula da **Formación Profesional Dual**, ofrecéndoa ás novas xeracións como unha profesión con futuro e asentada nas comunidades costeiras, que promova o **relevo xeracional** da profesión.

O **31,9%** das redeiras escolleu esta profesión por ser a **saída laboral máis viable** no territorio no momento no que empezaban a traballar (con especial incidencia nas Rías Baixas). Así mesmo, **o 27,2% tiña vinculación co sector pesqueiro**; e o 16,8% sinalou que escolleu atar redes polas posibilidades que da a profesión para **conciliar** coas responsabilidades familiares.

5.3. Organización do traballo


Neste apartado achegámonos ás formas nas que se organizan as redeiras, abordando as tarefas que realizan, as artes que dominan, os e as clientas coas que tratan, e os criterios que empregan para organizar entre elas o traballo a diario.

O 87,4% das redeiras elaboran as redes, entendendo os planos e confeccionando os aparellos de pesca. Así mesmo, o 77% tamén realiza reparacións das redes, sendo as actividades que teñen que ver co tecido das redes as que ocupan á maior parte da súa xornada laboral.

O 35,6% traslada as redes (o que implica coller pesos, empregar maquinaria, ou utilizar o propio vehículo para organizar a loxística do traballo), e a cuarta parte das redeiras realiza tarefas de administración e xestión (facturación, informes trimestrais propios e xestión das asociacións, entre outras).

Por último, o 21,5% do total das redeiras son quen se encargan normalmente da interlocución cos seus clientes e clientas.


Gráfico 20. Principais tarefas realizadas polas redeiras.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

A maioría dos encargos que reciben as redeiras proceden directamente dos armadores e das armadoras, supoñendo o 81,7% dos casos. Hai territorios nos que os encargos recíbense en igualdade entre empresas armadoras e intermediarias (nun 6,3% dos casos), e o 5,8% das redeiras traballan mediante intermediarios, encargos fundamentalmente procedentes de Efectos Navais. O 3,1% das enquisadas traballan para unha empresa.

Gráfico 21. Principais axentes na contratación do traballo de redeira.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Por territorios, chama a atención o caso de Pontevedra, onde os encargos proceden no 39,1% dos casos mediante intermediarios e armadores por igual. Así mesmo, é salientable o caso da zona marítima de Arousa, na que o 14,8% das enquisadas obtén a carga de traballo a través da empresa que a contrata.

Táboa 28. Contratación do traballo segundo a zona marítima

	Un armador ou armadora	Armadora e mediante intermediario	Mediante intermediario	Empresa	Outro
Zona I. Vigo	96,2%	0,0%	0,0%	3,8%	0,0%
Zona II. Pontevedra	43,5%	39,1%	13,0%	4,3%	0,0%
Zona III. Arousa	59,3%	7,4%	14,8%	14,8%	3,7%
Zona IV. Muros	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona VI. Costa da Morte	73,7%	2,6%	10,5%	0,0%	13,2%
Zona VIII. Cedeira	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona IX. Mariña	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Outras zonas marítimas	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Total	81,7%	6,3%	5,8%	3,1%	3,1%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

As redeiras que se dedican a un tipo de arte en concreto, traballan en porcentaxes moi altas (arredor do 85%) directamente cos armadores e armadoras. A porcentaxe descende ata o 65,6% cando as redeiras combinan diversas artes, onde a interlocución cos clientes e clientas é mixta no 18,8% dos casos (contratan o traballo tanto empresas intermediarias como armadoras).

Táboa 29. Contratación do traballo segundo tipo de arte realizada

	Un armador ou armadora	Armadora e mediante intermediario	Mediante intermediario	Empresa	Outro
Combinación artes	65,6%	18,8%	10,9%	1,6%	3,1%
Só Artes Menores	87,7%	0,0%	5,5%	2,7%	4,1%
Só Cerco	93,8%	0,0%	0,0%	6,3%	0,0%
Só Palangre ou Arrastre	83,3%	0,0%	0,0%	0,0%	16,7%
Total	81,7%	6,3%	5,8%	3,1%	3,1%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

O 64% das redeiras non asociadas traballan directamente co armador ou armadora, fronte ao 87,9% das redeiras asociadas. As non asociadas teñen en maior medida unha relación de clientes mixta, sendo o 18% as que traballan con armadores e con intermediarios, fronte ao 2,1% das asociadas que traballan con ambos tipos de cliente.

Táboa 30. Contratación do traballo segundo condición de asociada ou non asociada

	Un armador ou armadora	Armador e mediante intermediario	Mediante intermediario	Empresa	Outro
Está asociada	87,9%	2,1%	5,0%	1,4%	3,5%
Non está asociada	64,0%	18,0%	8,0%	8,0%	2,0%
Total	81,7%	6,3%	5,8%	3,1%	3,1%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

A intrusión profesional continúa sendo un tema de preocupación para as redeiras, xa que é unha práctica aínda relativamente normalizada no sector. A elaboración e reparación de aparellos por parte de persoas que non son redeiras fai dano á profesión, xa que produce competencia desleal e obriga as mulleres dadas de alta na Seguridade Social a baixar os prezos, afectando á competitividade das persoas que traballan legalmente. Nos grupos de análise e proposta de varios territorios sinalouse como houbo épocas nas que se baixaron os prezos ata o punto que os ingresos só permitían pagar a cota á Seguridade Social.

Para atallar esta práctica, as redeiras participantes nos grupos de análise e proposta consideran preciso o compromiso decidido por parte das Administracións á hora de levar a cabo inspeccións de traballo regulares. A intrusión laboral percíbese actualmente como un problema que ocasionan perfís distintos e alleos ás propias redeiras. Por outro lado, ponse de manifesto a dificultade de manter o pago do seguro mensualmente, dada a inestabilidade das cargas de traballo ao longo do ano.

Outra proposta que lanzan os grupos de análise e proposta para atallar a intrusión laboral é o de establecer unha etiquetaxe dos aparellos, cun sistema similar ao etiquetado dos produtos pesqueiros, que permita facer un seguimento de onde procede o material, quen o armou ou reparou, entre outra información de trazabilidade. Desta forma dáse valor ás traballadoras e asociacións de redeiras, dificultase o traballo das persoas operando na economía somerxida, e das e dos armadores que recorren a estas prácticas.


O criterio que marca a organización do traballo é fundamentalmente a urxencia dos encargos que teñen que despachar nunha data determinada, aos que se lles dá a prioridade para que o armador ou armadora poida saír a pescar. Unha vez marcadas as datas límite de cada encargo, normalmente (no 36,6% dos casos) é unha compañeira a que se encarga de asignar os traballos ao grupo.

Unha das maiores dificultades que comparte o colectivo das redeiras derívase da complicación para organizar as xornadas laborais debido á nula antelación coa que reciben os encargos. Nos grupos de análise e proposta en distintos territorios, as redeiras comentan que *“ás veces sona o teléfono ás 7 da mañá, cando as embarcacións chegan a terra, e encargan reparar unha avaría que ten que estar lista para o día seguinte, que volve a saír o barco”*. Esta pouca antelación e previsión da carga de traballo diaria ten un impacto negativo, xa que non permite marxe de organización cando coinciden varios pedidos. Á vez, xera dificultades para planificar a vida familiar, o que implica tamén situacións de estrés, como veremos no apartado dedicado á saúde laboral.

Por territorios, nas zonas da Mariña (72,7%) e Vigo (69,9%) indican que a forma máis habitual de organización é a través doutra compañeira, o que implica uns liderados fortes nestas zonas.

En relación á organización segundo o tipo de rede, son as artes menores as que sinalan en maior porcentaxe (61,6%) a resposta de “por orden de chegada dos encargos”.

Gráfico 22. Método para organizar o traballo de redeira.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).


As redeiras traballan distintos tipos de artes de pesca. No apartado de bibliografía inclúense enlaces a vídeos nos que as propias redeiras explican a arte á que se dedican: como se arman, como se atan, que pescan, etc. Recomendamos a súa visualización para comprender a complexidade e o nivel de especialización que require esta profesión.

As principais artes de pesca empregadas en Galicia son o arrastre, o cerco, o palangre e as artes menores, que inclúen miños, vetas, volantas, ou rascos. Existen outras artes de pesca nas que o traballo das redeiras resulta parte fundamental, como son a pesca en liña ou con anzol, ou as nasas.

É importante coñecer os distintos tipos de aparello xa que a dedicación das redeiras a un ou a outro tipo será relevante e terá impacto no espazo de traballo que empreguen, na saúde laboral ou na forma de organizarse.

Sen ánimo de ser exhaustivas, as artes de pesca poden dividirse do seguinte xeito:

- Arrastre: Son aparellos remolcados feitos con forma cónica, unido na parte de atrás por un cope pechado onde queda o peixe capturado. Existen as artes de arrastre de fondo (que capturan linguado, rodaballo, rape ou raia); o arrastre de fondo de gran abertura vertical (que pescan luras, pescadas e potas); e as artes de pesca de profundidade regulable (empregadas para pescar arenque, sardiña ou pescada).




Fotografía 5. Esquema dunha rede de arrastre de fondo. Tomada da páxina web da Federación de redeiras artesás O Peirao



Fotografía 6. Nave de redes de arrastre. Tomada do vídeo elaborado pola Federación de redeiras artesás O Peirao

- Cerco: Está formada por rede e dúas trallas, unha con flotadores para que quede na superficie e outra con chumbos, para que se somerxa. Como o seu nome indica rodea e cerca o peixe pechándose pola parte inferior dando lugar a un embolsamento. Pesca principalmente, xurelo, sardiña, xarda e cabalou.




Fotografía 7. Esquema dunha rede de cerco. Tomada da páxina web da Federación de redeiras artesás O Peirao



Fotografía 8. Redeiras traballando cerco. Imaxe tomada da Federación de redeiras artesás O Peirao

- Palangre: Son aparellos formados por cabo de fibra dos que saen os anzois. Distínguense varios grosos segundo a profundidade a que vaian pescar: palangre de fondo (para a pescada, bertorella, mero, congro, dourada), de superficie (que pesca peixe espada, marraxos e atún) ou palangrillo (ollomol, abadexo, dentóns, rodaballos).




Fotografía 9. Esquema dunha rede de palangre de fondo



Fotografía 10 Redeiras de Malpica traballando palangre. Imaxe tomada da Federación de redeiras artesanais O Peirao

- Artes menores: Están formadas por dúas trallas ou relingas, unha superior provista de flotadores, para que queden na superficie, e outra inferior lastrada con chumbos para que quede apoiada no fondo que van unidas por un ou varios panos. As capturas quedan enmalladas no medio das dúas trallas. Dentro destas artes de enmalle atópanse os rascos (langosta, centola e peixe), volantas (pescada, xarda, xurelo...), betas (fanecas, sargos, meigas...), trasmallos (nécoras, maragotas, pintos...), miños (linguado, raia e marisco), xeito (boquerón, xurelo, sardiña...). Existen máis tipos de artes menores, pero estes son os que se empregan máis habitualmente.



Fotografía 11. Esquema dunha volanta. Imaxe tomada da Federación de redeiras artesás O Peirao




Fotografía 12. Redeiras de Cariño traballando artes menores. Imaxe tomada tomada da Federación de redeiras artesás O Peirao

Preguntadas polo tipo de arte que traballan, obsérvase como o 68,1% das redeiras galegas dedícanse ás artes menores e o 53,4% realiza o aparello do cerco. Un 13,1% fai palangre, e un 6,8% das enquisadas fai arrastre.

É importante sinalar que o arrastre é un tipo de arte traballada fundamentalmente por homes, e ten unha realidade laboral que nada ten que ver coa que viven as mulleres redeiras. Quen traballa no arrastre cotiza normalmente no Réxime xeral por conta allea, e desenvolve o seu traballo en instalacións pertencentes a unha empresa, baixo condicións de traballo que distan moito das que viven as redeiras.

Gráfico 23. Tipo de arte traballado.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

O 38,2% das redeiras enquisadas dedícase exclusivamente á elaboración e reparación de artes menores. Por outro lado, o 25,1% traballa só o cerco. Ademais, en moitos territorios dáse a circunstancia de que as redeiras compaxinan as artes menores e o cerco, sendo o caso do 33,5% da mostra. Por outro lado, un 3,1% das redeiras dedícanse en exclusiva ao palangre ou ao arrastre.

Táboa 31. Principal arte traballado polas redeiras

	Número	Porcentaxe
Só artes menores	73	38,2%
Combinación artes	64	33,5%
Só cerco	48	25,1%
Só palangre ou arrastre	6	3,1%
Total	191	100,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Os territorios especialízanse en diversas artes. É o caso da zona marítima de Vigo, que concentra a un 30,8% de mulleres que traballan arrastre, unha porcentaxe moi significativo con respecto a outras zonas marítimas. Hai territorios nos que destaca a confección de artes menores, como é o caso de Cedeira (96,4%), Pontevedra (87%) A Mariña (81,8%) e a Costa da Morte (76,3%). Estes últimos dous territorios tamén atan palangre, sendo unha arte que dominan o 45,5% das redeiras da Mariña e o 42,1% das da Costa da Morte. Por último, destacan as Rías Baixas na confección e na reparación de cerco.

Táboa 32. Tipo de arte traballada por zona marítima

	Artes Menores	Cerco	Palangre	Arrastre
Zona I. Vigo	42,3%	100,0%	0,0%	30,8%
Zona II. Pontevedra	87,0%	69,6%	4,3%	4,3%
Zona III. Arousa	44,4%	66,7%	3,7%	7,4%
Zona IV. Muros	44,8%	65,5%	0,0%	0,0%
Zona VI. Costa da Morte	76,3%	34,2%	42,1%	2,6%
Zona VIII. Cedeira	96,4%	7,1%	0,0%	0,0%
Zona IX. Mariña	81,8%	45,5%	45,5%	0,0%
Outras zonas marítimas	100,0%	33,3%	22,2%	11,1%
Total	68,1%	53,4%	13,1%	6,8%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Ademais, a idade das redeiras inflúe no tipo de arte traballada. Mentres que un 75% das maiores de 50 anos dedícase ás artes menores, a porcentaxe descende ata o 47,9% entre as menores de 50 anos. Pola contra, o cerco gaña redeiras a medida que descende a idade (do 46,2% das maiores de 60 anos, ata o 66,7% das menores de 50 anos).

A idade das redeiras non parece ter influencia na elaboración de palangre, que realizan arredor do 13,1% das redeiras galegas. Por último, non atopamos ningunha redeira maior de 60 anos dedicada ao arrastre, mentres que entre as menores desta idade existen arredor dun 8% de redeiras que traballan o arrastre.


Táboa 33. Tipo de arte traballada por idade

	Artes Menores	Cerco	Palangre	Arrastre
Menores de 50 anos	47,9%	66,7%	10,4%	8,3%
Entre 50 e 60 anos	75,5%	50,0%	14,7%	8,8%
Maiores de 60 anos	74,4%	46,2%	12,8%	0,0%
Ns/Nc	50,0%	50,0%	0,0%	0,0%
Total	68,1%	53,4%	13,1%	6,8%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

As artes menores engloban unha gran variedade de redes. Entre as realizadas de forma máis habitual polas redeiras participantes atópanse as volantas (59,9%), os rascos (52,9%), os miños (46,6%), as betas (42,9%) e os trasmallos (40,8%).

Gráfico 24. Tipo de arte menor traballado



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

EN RESUMO: ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

O **cliente principal das redeiras son os armadores ou armadoras (81,7%)**. Hai territorios que reciben tamén encargos mediante **intermediarios** (destacando o caso de Pontevedra, onde a clientela mixta supón o 39,1% dos encargos). Así mesmo, é destacable que na zona marítima de Arousa o 14,8% obtén a carga de traballo a través da **empresa** que as contrata.

A **intrusión profesional** continúa sendo un tema de preocupación para as redeiras, que o consideran unha **práctica aínda relativamente normalizada nos portos**, e que ten un impacto moi negativo no seu traballo. Para atallar esta práctica, os grupos de análise e proposta consideran preciso o **compromiso decidido por parte das Administracións** á hora de facer inspeccións regulares. Así mesmo, propoñen poñer en marcha un sistema de etiquetaxe e seguimento das redes, similar á dos produtos pesqueiros, que permita realizar unha trazabilidade dos aparellos. É preciso que as Administracións tomen parte nesta situación e apoiem ás traballadoras que, aínda a **inestabilidade das cargas de traballo** e dos **baixos ingresos** asociados á profesión, traballan legalmente.

O **68,1% das redeiras galegas dedícanse ás artes menores, e o 53,4% realiza ou repara o cerco. Un 13,1% ata palangre, e un 6,8% das enquisadas dedícase ás redes de arrastre**. Hai territorios nos que destaca a confección de artes menores, como é o caso de Cedeira (96,4%), Pontevedra (87%), A Mariña (81,8%) e a Costa da Morte (76,3%). Estes últimos dous territorios tamén atan palangre, sendo un arte que dominan o 45,5% das redeiras da Mariña e o 42,1% das da Costa da Morte. Por último, destacan as Rías Baixas na confección e reparación de cerco.

A idade das redeiras amosa unha tendencia sobre o tipo de arte ao que se dedican, xa que **a medida que descende a idade das redeiras, menos porcentaxe se dedica ás artes menores e máis porcentaxe se atopa traballando no cerco**.

5.4. Xornada laboral e ingresos

Neste apartado aproximámonos ás rutinas das xornadas laborais das redeiras, describindo o volume de días que traballan normalmente ao mes, as horas traballadas por día, os ingresos que perciben, e as actividades complementarias que realizan, diversificando a súa actividade principal: o atado dos aparellos.

Antes de comezar a análise dos datos deste apartado, cómpre enmarcar o funcionamento da profesión das redeiras nos portos galegos. O traballo das redeiras caracterízase por organizarse arredor dunha gran temporalidade nas cargas de traballo. Como actividade auxiliar á pesca, son as campañas nas que se regula a actividade pesqueira (en función da especie a capturar e os meses do ano) quen marca a intensidade da actividade das redeiras.

No apartado anterior describíamos os distintos tipos de arte existentes, que están asociados a distintas especies de captura. A especialización das redeiras nun tipo de arte ou outro marca os picos de traballo, que aumentan cando a frota sae ao mar, atópase en campaña, e volve á terra a reparar os aparellos.

Ademais, aínda que moitas mulleres traballan nun espazo común (fundamentalmente nunha nave, ou no peirao), organizadas arredor das asociacións profesionais existentes no seu territorio, é importante ter en conta que a maioría das redeiras son autónomas. Esta característica implica que as cargas de traballo non se distribúen de forma homoxénea no tempo, senón que as horas de dedicación dependen dos encargos que atenden, alternando picos de moito traballo e prazos de entrega moi axustados, con momentos de moi pouca carga de traballo. Ademais, a intensidade da carga de traballo dependerá tamén do tipo de cliente co que a redeira traballe normalmente, e da cantidade de clientes que teña.

Se ben é certo que na enquisa facemos referencia á xornada laboral e á súa duración, é preciso ter en conta as especificidades desta profesión cando abordamos as xornadas laborais, as horas diarias de traballo, ou mesmo os tramos salariais. Neste apartado da enquisa, as redeiras declaran unha aproximación destas cuestións tomando como referencia o transcurso do ano 2021 e comezos do 2022.


Nos grupos de análise e proposta afondamos no desenvolvemento laboral cotiá, achegándonos ás dinámicas do sector pesqueiro e dos portos nos que as redeiras son peza fundamental, malia a menor visibilidade da profesión que desenvolven.

A cuestión sobre a xornada laboral engloba o tempo total de traballo, tendo en conta o atado de redes, as tarefas non produtivas (como as accións preparatorias para o traballo), e tamén as actividades de diversificación que poidan realizar as redeiras. O 52,9% das redeiras declara ter unha carga de traballo aproximada á xornada

completa, ocupando entre 12 e 20 días laborables ao mes. Ademais, o 38,7% declara que traballa a xornada completa, por enriba dos 20 días por mes.

Para algúns grupos de traballadoras, o comezo do 2022 foi malo, tendo poucos encargos, e o 3,7% das redeiras enquisadas traballara entre 6 e 11 días ao mes; mentres que un 1,6% traballou menos de 5 días ao mes.

Gráfico 25. Intervalo de días de traballo ao mes.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

As zonas marítimas con maior carga de traballo son A Mariña e Muros, onde o 72,7% e o 62,1% respectivamente traballaron máis de 20 días ao mes. Arredor do 74% das redeiras de Pontevedra e Costa da Morte traballaron entre os 12 e os 20 días ao mes. As zonas de Pontevedra, Vigo e Cedeira concentraron a maior porcentaxe de redeiras que traballaron menos de 11 días ao mes.

Táboa 34. Días traballados normalmente ao mes segundo zona marítima


	Menos de 5 días ao mes	Entre 6 e 11 días ao mes	Entre 12 e 20 días ao mes	Máis de 20 días ao mes	Ns/Nc
Zona I. Vigo	7,7%	0,0%	30,8%	38,5%	23,1%
Zona II. Pontevedra	0,0%	8,7%	73,9%	17,4%	0,0%
Zona III. Arousa	3,7%	0,0%	51,9%	44,4%	0,0%
Zona IV. Muros	0,0%	6,9%	31,0%	62,1%	0,0%
Zona VI. Costa da Morte	0,0%	2,6%	73,7%	23,7%	0,0%
Zona VIII. Cedeira	0,0%	7,1%	46,4%	46,4%	0,0%
Zona IX. Mariña	0,0%	0,0%	27,3%	72,7%	0,0%
Outras zonas marítimas	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Total	1,6%	3,7%	52,9%	38,7%	3,1%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

O 59,2% das redeiras declara que traballa máis de 9 horas ao día, e o 36,1% sinala que traballa entre 6 e 8 horas ao día. Unha reflexión interesante levada a cabo nos grupos de análise e proposta foi a consideración que as propias redeiras dan ás distintas tarefas implicadas no traballo, onde nalgúns territorios non contabilizaban as horas non produtivas (enfiar agullas, limpeza do espazo de traballo, ou desprazamentos cando traballan en lugares distintos ao habitual), necesarias para o desenvolvemento do traballo.

As redeiras que están asociadas en grupos traballan habitualmente en xornada partida, aproximadamente entre as 9 e as 13 horas, e entre as 15 e as 19 horas, tendo en conta que son mulleres autónomas na súa maioría e flexibilizan o horarios segundo as súas necesidades. No caso das redeiras que traballan por conta allea, o horario adoita ser continuo, na franxa de mañá.

Gráfico 26. Número de horas traballadas nunha xornada normal.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

En función dos territorios, son as zonas da Mariña e Arousa onde declaran traballar normalmente máis de 9 horas ao día (no 9,1% e no 7,4% dos casos, respectivamente). No outro extremo atópanse as zonas de Pontevedra, Vigo e Muros, onde traballan menos de 5 horas ao día o 82,6%, o 76,9% e o 72,4% das redeiras.

As redeiras dedicadas exclusivamente ás artes menores son as que amosan un maior porcentaxe de traballo por enriba das 9 horas diarias (o 47,9%). Por outro lado, o 75% das que se dedican exclusivamente ao cerco e o 83,3% das que se dedican exclusivamente ao palangre ou ao arrastre traballan entre 6 e 8 horas ao día.

Táboa 36. Horas normalmente traballadas ao día segundo territorio

	Menos de 5 horas ao día	Entre 6 e 8 horas ao día	Máis de 9 horas ao día	Ns/Nc
Zona I. Vigo	76,9%	19,2%	0,0%	3,8%
Zona II. Pontevedra	82,6%	17,4%	0,0%	0,0%
Zona III. Arousa	48,1%	44,4%	7,4%	0,0%
Zona IV. Muros	72,4%	24,1%	3,4%	0,0%
Zona VI. Costa da Morte	47,4%	47,4%	5,3%	0,0%
Zona VIII. Cedeira	53,6%	42,9%	3,6%	0,0%
Zona IX. Mariña	54,5%	36,4%	9,1%	0,0%
Outras zonas marítimas	11,1%	77,8%	11,1%	0,0%
Total	59,2%	36,1%	4,2%	0,5%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

O sistema de remuneración varía en función do tipo de arte traballada. No caso do cerco, a forma máis habitual de contabilizar e cobrar polo traballo é por horas traballadas, sendo así no 59,8% dos casos (xunto co 29,4%, que declaraba por día traballado, o que se pode considerar a mesma opción polo volume das reparacións do cerco, que en vez de horas ocupa días enteiros). No caso do cerco, só o 5,9% traballa cun orzamento pechado, con especial incidencia na zona de Muros, onde traballan desta forma no 15,8% dos casos.

Táboa 37. Sistema de remuneración para o cerco segundo zonas marítimas

CERCO	Por horas traballadas	Por días traballados	Por peza realizada	Orzamento pechado	Outras	Ns/Nc
Zona I. Vigo	61,5%	23,1%	0,0%	7,7%	7,7%	0,0%
Zona II. Pontevedra	68,8%	25,0%	0,0%	6,3%	0,0%	0,0%
Zona III. Arousa	88,9%	5,6%	0,0%	0,0%	5,6%	0,0%
Zona IV. Muros	68,4%	15,8%	0,0%	15,8%	0,0%	0,0%
Zona VI. Costa da Morte	15,4%	69,2%	15,4%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona VIII. Cedeira	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona IX. Mariña	60,0%	40,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Outras zonas marítimas	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Total	59,8%	29,4%	2,0%	5,9%	2,9%	0,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

As artes menores cóbranse por peza realizada no 90% dos casos. Na zona de Arousa, o 30,8% factura as artes menores por horas traballadas, o que pode explicarse pola demanda sobre un tipo de rede específico e pouco común, empregado no arrastre de baixura (Bou de Vara, Boliches e Rapetas), así como en redes empregadas para a pesca en río.

Táboa 38. Sistema de remuneración para as artes menores segundo zonas marítimas

ARTES MENORES	Por horas traballadas	Por días traballados	Por peza realizada	Orzamento pechado	Outras	Ns/Nc
Zona I. Vigo	0,0%	0,0%	90,9%	0,0%	0,0%	9,1%
Zona II. Pontevedra	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona III. Arousa	30,8%	0,0%	69,2%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona IV. Muros	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona VI. Costa da Morte	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona VIII. Cedeira	0,0%	11,5%	80,8%	0,0%	7,7%	0,0%
Zona IX. Mariña	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Outras zonas marítimas	0,0%	0,0%	66,7%	0,0%	33,3%	0,0%
Total	3,1%	2,3%	90,0%	0,0%	3,8%	0,8%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).


A temporalidade das cargas de traballo e o impacto desta situación nos ingresos das redeiras obrigou a este colectivo a poñer en marcha a súa creatividade para diversificar o seu traballo. Nos grupos de análise e proposta, as redeiras remarcaban que o traballo que queren desenvolver é o asociado á pesca, ás redes e ao mar. Así e todo, algunhas asociacións dedican tempo a complementar as súas cargas de traballo mediante a diversificación. Todas estas actividades, a pesar de non estar ligadas ao sector extractivo da pesca, teñen en común que dan a coñecer o traballo das redeiras galegas á sociedade, e poñen en valor a identidade e a cultura mariñeiras.

O 68,6% das redeiras dedícanse en exclusiva ao traballo nos aparellos e non desenvolven ningún tipo de actividade complementaria. O 18,8% realiza actividades de divulgación, que consisten en dar visibilidade ao traballo das redeiras, achegándoo aos centros de ensino, turistas e outras persoas interesadas en coñecer os espazos de traballo e as tarefas das redeiras nos portos.

No ámbito do turismo mariñeiro son pioneiras a Asociación de redeiras Cabo Burela, e a Asociación Guimatur de Cambados. Pola súa parte, o 17,8% realiza labores de reciclaxe de redes para outros usos, no que a Asociación de redeiras O Fieital de Malpica son referentes.

O 11% das redeiras dedícase ao deseño de pezas de artesanía, caso da Asociación Illa da Estrela de Corme e a Asociación Atalaia da Guarda; e un 6,2% de profesionais dedícase puntualmente á formación de novas redeiras e redeiros.

Gráfico 27. Actividades profesionais complementarias realizadas.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

No referente ás actividades complementarias, volven a ser as redeiras asociadas as que maiores porcentaxes de actividade declaran, en comparación coas que traballan de forma individual.

Táboa 39. Actividades complementarias desenvoltas segundo condición de asociada ou non asociada

	Actividades de divulgación	Reciclaxe das redes	Deseño de pezas de artesanía con redes	Formación a novas redeiras	Ningunha	Outra
Está asociada	24,8%	21,3%	11,3%	8,5%	61,0%	2,1%
Non está asociada	2,0%	8,0%	10,0%	0,0%	90,0%	0,0%
Total	18,8%	17,8%	11,0%	6,3%	68,6%	1,6%


Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

No caso do salario medio declarado, arredor do 30% das redeiras declaran gañar entre os 401 e os 600€ netos mensuais, mentres que arredor doutro 30% gaña entre os 601 e os 800€ netos ao mes. Un 20,4% das redeiras gaña entre 801 e 1.000€ netos

mensuais, mentres que cerca do 10% ingresa máis de 1.000€ mensuais. Por outro lado, un 10,5% das redeiras declara gañar entre 201 e 400€ netos ao mes.

Estas franxas salariais supoñen que o 89% das redeiras están percibindo ingresos netos por baixo dos mil euros mensuais.

Gráfico 28. Salario medio mensual declarado.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Para encadrar estes datos, cruzamos o salario medio mensual co número de días traballados ao mes. Así, o 66,7% das redeiras que traballan menos de 5 días por mes perciben menos de 400€ mensuais, mentres que a porcentaxe restante (o 33,3%) destas traballadoras percibe entre 401 e 600€.

O 60% das redeiras que traballaron entre 6 e 11 días por mes, percibiron entre 200 e 600€ mensuais. O 14,3% das redeiras que traballaron entre 6 e 11 días por mes xeraron entre 601 e 800€, e outro 14,3% xerou entre 801 e 1.000€ mensuais.

Así mesmo, o 36,6% das redeiras que traballaron entre 12 e 20 días ao mes ingresou entre 401 e 600€ mensuais. O 28,7% ingresou entre 601 e 800€, e o 15,8% ingresou entre 801 e 1.000€ por mes. É salientable a porcentaxe do 13,9% das redeiras que, traballando entre 12 e 20 días por mes, xeraron entre 201 e 400€.

As redeiras cunha dedicación exclusiva, é dicir, que traballaron máis de 20 días ao mes no atado e elaboración de redes, superan o salario de 400€ mensuais, distribuíndose o 21,6% no tramo entre 401 e 600€; o 27% entre os 601 e os 800€ o 28,4% entre os 801 e os 1.000€; e o 20,3% xerou máis de 1.001€ mensuais.

Táboa 40. Salario medio mensual e días traballados por mes

	Entre 201 e 400€ / mes	Entre 401 e 600€ / mes	Entre 601 e 800€ / mes	Entre 801 e 1.000€ / mes	Máis de 1.001€ / mes	Ns/Nc	Total
Menos de 5 días ao mes	66,7%	33,3%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	100€
Entre 6 e 11 días ao mes	28,6%	28,6%	14,3%	14,3%	0,0%	14,3%	100€
Entre 12 e 20 días ao mes	13,9%	36,6%	28,7%	15,8%	4,0%	1,0%	100€
Máis de 20 días ao mes	2,7%	21,6%	27,0%	28,4%	20,3%	0,0%	100€
Ns/Nc	0,0%	0,0%	83,3%	16,7%	0,0%	0,0%	100€
Total	10,5%	29,3%	28,8%	20,4%	9,9%	1,0%	100€

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Analizando o número de horas traballadas ao día e o salario medio xerado polas redeiras, atopamos que o 37,5% das profesionais que xeran ingresos no tramo máis baixo (entre 201 e 400€), dedican menos de 5 horas ao día ao atado e elaboración de redes. Así mesmo, o 50% das que dedican menos de 5 horas ao día perciben entre 401 e 600€ netos mensuais.

A maior disparidade de salarios atópase entre as mulleres que dedican entre 6 o 8 horas ao día ao atado e confección de redes de pesca. O 10,6% percibiu entre 201 e 400€, mentres que o 29,2% ingresou de 401 a 600€. O 26,5% xerou entre 601 e 800€ mensuais, e o 20,3% entre 801 e 1.000€. Só o 10,1% ingresou máis de 1.001€, dedicando entre 6 e 8 horas ao día ao traballo nas redes.

Por último, as redeiras que dedicaron máis de 9 horas diarias ao traballo tamén amosan moita disparidade en canto aos salarios que xeraron. É importante comentar que un 7,2% das enquisadas percibiu entre 201 e 400€ mensuais, mentres que as porcentaxes medran a medida que aumentan os tramos salariais: o 27,5% xerou entre 401 e 600€ mensuais; o 34,8% xerou entre 601 e 800€ mensuais; e o 20,3% xerou entre 801 e 1.000€ por mes. Só o 10,1% das redeiras que dedicou máis de 9 horas diarias ao traballo gañou máis de 1.001€ mensuais.

Táboa 41. Salario medio mensual e horas traballadas

	Entre 201 e 400€ / mes	Entre 401 e 600€ / mes	Entre 601 e 800€ / mes	Entre 801 e 1.000€ / mes	Máis de 1.001€ / mes	Ns/Nc	Total
Menos de 5 horas ao día	37,5%	50,0%	0,0%	0,0%	0,0%	12,5%	100€
Entre 6 e 8 horas ao día	10,6%	29,2%	26,5%	22,1%	10,6%	0,9%	100€
Máis de 9 horas ao día	7,2%	27,5%	34,8%	20,3%	10,1%	0,0%	100€
Ns/Nc	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	100€
Total	10,5%	29,3%	28,8%	20,4%	9,9%	1,0%	100€

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Ademais, atopamos diferenzas no salario medio percibido en función do territorio. As zonas marítimas con maior precariedade en canto ao salario percibido polas redeiras son as da Mariña (o 36,4% das redeiras percibe entre 201 e 400€ mensuais), xunto coas redeiras da Costa da Morte (o 31,6% percibe este intervalo mensual). Estes dous territorios traballan, en gran medida, artes menores.

Por outro lado, o 43,5% das redeiras de Pontevedra ingresan entre 401 e 600€ mensuais, o mesmo que o 39,5% das redeiras da Costa da Morte e o 34,5% das redeiras de Muros. A metade das profesionais que pertencen ás zonas da Coruña – Ferrol e Fisterra ingresan entre 601 e 800€ mensuais. Neste intervalo económico tamén se atopan arredor do 40% das redeiras de Cedeira e Pontevedra.

O 30% das redeiras da zona marítima de Arousa, Cedeira e Muros perciben entre 801 e 1.000€ netos mensuais; mentres que un cuarto das redeiras da zona marítima de Vigo perciben máis de 1.001€ netos por mes.

Táboa 42. Salario medio mensual por territorio

	Entre 201 e 400€	Entre 401 e 600€	Entre 601 e 800€	Entre 801 e 1.000€	Máis de 1.001€	Ns/Nc
Zona I. Vigo	7,7%	11,5%	26,9%	26,9%	26,9%	0,0%
Zona II. Pontevedra	0,0%	43,5%	39,1%	8,7%	8,7%	0,0%
Zona III. Arousa	0,0%	25,9%	29,6%	29,6%	14,8%	0,0%
Zona IV. Muros	3,4%	34,5%	20,7%	27,6%	10,3%	3,4%
Zona VI. Costa da Morte	31,6%	39,5%	21,1%	5,3%	0,0%	2,6%
Zona VIII. Cedeira	3,6%	21,4%	39,3%	28,6%	7,1%	0,0%
Zona IX. Mariña	36,4%	27,3%	9,1%	18,2%	9,1%	0,0%
Outras zonas marítimas	0,0%	22,2%	55,6%	22,2%	0,0%	0,0%
Total	10,5%	29,3%	28,8%	20,4%	9,9%	1,0%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

EN RESUMO: XORNADA LABORAL E INGRESOS

En canto á xornada laboral e aos ingresos das redeiras, é preciso sinalar a **temporalidade do traballo**, debido a que a maioría destas traballadoras son **autónomas** e as cargas de traballo flutúan ao longo do ano. Así mesmo, esta temporalidade é intrínseca á profesión, xa que vén condicionada polas **campañas de pesca** (por especie e por época do ano). Esta situación provoca que, ao longo do ano, existan períodos de moita intensidade na actividade, e outros nos que a carga de traballo sexa moi baixa.

Arredor **do 80% das redeiras traballa a xornada completa**, tendo carga de traballo suficiente para todos os días laborais do mes. Nas zonas marítimas da **Mariña e de Muros** é onde maior porcentaxe de mulleres traballaron **máis de 20 días ao mes**, mentres que nas zonas de **Pontevedra, Vigo e Cedeira** son os territorios que concentran maior porcentaxe de redeiras que **traballaron menos de 11 días ao mes**. Así mesmo, as mulleres que traballan **en asociación** con outras redeiras amosan porcentaxes máis altos en canto a **xornadas laborais e cargas de traballo máis estables**.

O 95% das redeiras traballa diariamente entre 8 ou máis horas ao día. É importante contabilizar aquelas tarefas non produtivas pero necesarias para desenvolver o traballo (por exemplo, cargar as agullas), xa que aínda que non xeran valor económico, son necesarias para realizar os encargos e requiren tempo, polo que para esta enquisa tivéronse tamén en conta estas tarefas á hora de computar as horas de traballo.

As redeiras dedicadas exclusivamente ás **artes menores** son as que amosan un **maior porcentaxe de traballo por enriba das 9 horas diarias**. Por outro lado, as profesionais que se dedican **exclusivamente ao cerco** e as que se dedican exclusivamente ao **palangre ou ao arrastre** traballan na súa maioría **entre 6 e 8 horas ao día**.

O 68,6% das redeiras dedícanse en exclusiva ao traballo nos aparellos, xa que non desenvolven ningún tipo de actividade complementaria. Entre as actividades complementarias destacan as actividades de **divulgación**, a **reciclaxe** de redes para outros usos, o deseño e confección de pezas de **artesanía**, e a **formación** a novas redeiras.

O 68,6% das redeiras están percibindo ingresos netos por baixo do salario mínimo interprofesional actualmente. En concreto, arredor do **30% das redeiras declara ingresar entre os 401 e os 600€ netos mensuais**. Outro **30% ingresa no seguinte tramo económico (entre os 601 e os 800€)**; e un **20,4% ingresa entre 801 e 1.000€ mensuais**. O 20% restante das redeiras atópase nos extremos, ingresando un **9,9% máis de 1.000€ mensuais** e un **10,5% entre 201 e 400€**.

É importante sinalar que estes importes son netos, pero **non inclúen outros gastos** correntes asociados ao traballo (entre os que identifican desprazamentos e dietas, roupas e aparellos de traballo, gastos de asesoría e xestión, ou servizos de fisioterapia), aos que as redeiras fan fronte mediante os seus ingresos.



Fotografía 13. Redeiras de Cedeira traballando artes menores. Imaxe tomada tomada da Federación de redeiras artesás O Peirao

5.5. Saúde laboral


A saúde no traballo foi un dos principais temas de preocupación abordados neste estudo. A nivel informal, nas visitas a todos os grupos de traballo hai constancia de mulleres en situación de baixa médica derivada do desenvolvemento do traballo.

Neste apartado analizamos as condicións dos espazos onde traballan as redeiras, así como as posturas máis habituais e as doenzas que presentan. Presentamos algunhas reflexións realizadas nos grupos de análise e proposta sobre a saúde laboral, en relación á súa experiencia cos procedementos a seguir para acceder a recoñecementos médicos, o coidado da saúde e a auto – medicación.

Ademais abordamos a percepción das redeiras respecto da seguridade no desenvolvemento do seu traballo. Tamén abordamos con elas cal consideran que é a idade máxima para desempeñar o traballo de redeira en condicións óptimas.

O 58,6% das redeiras traballa habitualmente no interior dunha nave situada nos portos pesqueiros, e o 37,2% traballa tamén nos peiraos dos portos, no exterior. Un 33% das enquisadas sinala que traballa no seu propio domicilio, e o 18,3% nun baixo ou local privado. Un 12% traballa nunha caseta ou chabola, un 8,9% traballa a bordo das embarcacións, un 3,7% nunha explanada que pertence a unha empresa. O 0,5% das redeiras traballa ao exterior, baixo unha carpa. Cómpre sinalar que esta pregunta é de resposta múltiple, e moitas redeiras sinalan máis dun espazo de traballo.

Gráfico 29. Espazo de desenvolvemento do traballo de redeiras.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

O traballo nas naves desenvólvese fundamentalmente na zona marítima de Vigo, onde o 96,2% das redeiras emprega este espazo de traballo. Tamén, o 90% das redeiras da Mariña e o 72,4% das redeiras de Muros empregan as naves. O 83% das redeiras que se dedican exclusivamente ao cerco e o 66,7% das menores de 50 anos traballan habitualmente nas naves de redeiras.

O 76,9% das redeiras da zona marítima de Vigo, o 55,2% das de Muros e o 52,2% das redeiras de Pontevedra atan no exterior, empregando os peiraos dos portos como espazos habituais de traballo. O 66,7% das redeiras que se dedican ao cerco traballan á intemperie, así como o 57,8% que combinan artes (cerco e artes menores).

O 71,1% das redeiras da Costa da Morte traballa habitualmente no seu domicilio, así como o 69,9% das redeiras da zona marítima de Pontevedra. O 66,7% das redeiras dedicadas ao palangre declaran que o domicilio é o seu espazo habitual para traballar.

O 34,2% das redeiras da Costa da Morte traballa nunha caseta ou chabola; e as redeiras da zona marítima de Vigo (26,9%) e de Muros (20,7%) traballan ás veces nas embarcacións. Na zona de Arousa, o 18,5% traballa habitualmente na explanada da empresa para a que traballan.

Táboa 43. Espazos de desenvolvemento do traballo segundo zona marítima das redeiras


	Nave	/Porto	Domicilio	Nun local privado/baixo comercial	Caseta/Chabola	No propio barco	Explanada da empresa	Carpa
Zona I. Vigo	96,2%	76,9%	3,8%	7,7%	7,7%	26,9%	0,0%	0,0%
Zona II. Pontevedra	43,5%	52,2%	69,6%	30,4%	0,0%	4,3%	8,7%	0,0%
Zona III. Arousa	55,6%	37,0%	18,5%	11,1%	0,0%	11,1%	18,5%	0,0%
Zona IV. Muros	72,4%	55,2%	10,3%	37,9%	6,9%	20,7%	0,0%	0,0%
Zona VI. Costa da Morte	28,9%	21,1%	71,1%	2,6%	34,2%	0,0%	0,0%	2,6%
Zona VIII. Cedeira	57,1%	0,0%	17,9%	25,0%	14,3%	0,0%	0,0%	0,0%
Zona IX. Mariña	90,9%	18,2%	36,4%	0,0%	9,1%	0,0%	0,0%	0,0%
Outras zonas marítimas	44,4%	33,3%	22,2%	44,4%	11,1%	0,0%	0,0%	0,0%
Total	58,6%	37,2%	33,0%	18,3%	12,0%	8,9%	3,7%	0,5%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

A valoración xeral que dan as redeiras da instalación principal na que desenvolven o seu traballo é no 41,4% dos casos “moi boas ou boas condicións”; o 34,6% considera que as instalacións están “regular” e o 20,9% considera que as condicións do seu espazo de traballo son “malas ou moi malas”.

As mellores valoracións teñen que ver coas condicións de iluminación (58,1% moi ben valorada), a hixiene (53,9%) e a ventilación (50,8%). Por contra, as condicións das instalacións que peor valoración reciben por parte das redeiras son as de temperatura (51,8% valora esta condición como mala ou moi mala) e a de humidade (48,2%).

Gráfico 30. Condicións das instalacións.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Son as mulleres que traballan exclusivamente o cerco ou unha combinación de artes, e as menores de 50 anos, as que peor valoran as distintas condicións das instalacións. Así mesmo, as máis críticas con respecto ás instalacións de traballo concéntranse nas zonas marítimas de Vigo, Pontevedra e Muros, que dan peores valoracións ás condicións de humidade, ventilación, temperatura, comodidade e hixiene.

Táboa 44. Valoración moi mala ou mala das condicións das instalacións por zonas marítimas

	Humidade	Ventilación	Temperatura	Comodidade	Hixiene	Iluminación	Valoración xeral
Zona I. Vigo	65,4%	34,6%	69,2%	73,1%	30,8%	3,8%	53,8%
Zona II. Pontevedra	65,2%	43,5%	52,2%	39,1%	30,4%	30,4%	34,8%
Zona III. Arousa	29,6%	7,4%	33,3%	22,2%	18,5%	14,8%	11,1%
Zona IV. Muros	82,8%	34,5%	82,8%	31,0%	24,1%	10,3%	27,6%
Zona VI. Costa da Morte	31,6%	18,4%	50,0%	23,7%	13,2%	5,3%	13,2%
Zona VIII. Cedeira	28,6%	17,9%	28,6%	10,7%	3,6%	10,7%	3,6%
Zona IX. Mariña	36,4%	9,1%	63,6%	9,1%	9,1%	9,1%	0,0%
Outras zonas marítimas	44,4%	22,2%	22,2%	22,2%	33,3%	0,0%	11,1%
Total	48,2%	24,1%	51,8%	30,4%	19,4%	11,0%	20,9%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Os espazos de traballo son clave para a soster a actividade laboral en boas condicións, a organización das asociacións de redeiras, e tamén teñen gran influencia na saúde e benestar das traballadoras. Aparte das valoracións recollidas na enquisa, nos grupos de análise e proposta realizáronse reflexións arredor dos espazos de traballo.

É preciso sinalar a evolución que viviu esta profesión en canto aos lugares empregados para atar as redes. Historicamente, as redes que non se reparaban nas embarcacións atábanse nas casas, relegando esta labor ás mans das mulleres, que desenvolvían esta labor pero eran invisibles nos portos. Grazas á profesionalización e ao asociacionismo, as mulleres integráronse nos portos pesqueiros, accedendo a naves industriais e aumentando a súa visibilidade.

Unha das demandas fundamentais con respecto ás naves nas que traballan as asociacións de redeiras é a consecución dunhas condicións mínimas para desenvolver o traballo en todos os portos: é necesario conseguir melloras básicas en cuestións de seguridade, temperatura e humidade. O traballo que desenvolven as redeiras trae asociados desafíos arredor destas condicións, xa que os materiais veñen do mar, as redes son grandes e pesadas, están habitualmente molladas, polo que xeran frío e humidade.

Así mesmo, é preciso sinalar as condicións nas que se atopan as naves das redeiras. En moitos territorios é evidente a necesidade de melloras, xa que existen deficiencias relacionadas coas estruturas (fendas nas paredes, goteiras nos teitos), ou nas instalacións (servizos sen urinarios, falta de varandas ou proteccións entre distintos andares). Así mesmo, nalgúns territorios existe unha necesidade de espazos máis amplos para poder desenvolver o traballo en condicións.

Unha problemática coa que se atopan as redeiras, asociada á mellora das instalacións nas que desenvolven o seu traballo, ten que ver coa titularidade destes espazos. Habitualmente a propiedade non é das redeiras, senón que se atopan en concesión de terceiros, que ceden o seu uso ás confrarías de pescadores, que á súa vez ceden ou alugan os espazos ás redeiras. Desenvolver reformas que melloren estes espazos trae consigo atranques cos permisos para realizar obras. Obter os permisos para poñer en marcha estas melloras son procesos que se estenden demasiado no tempo, ademais das tensións económicas que poden xerar ás asociacións.

Nos grupos de análise e proposta abordouse a posibilidade de acceso a axudas públicas ás que poden acceder como colectivo do sector pesqueiro. Na maioría de territorios non pediron nunca axudas, aludindo varios motivos: a dificultade dos formularios de petición das axudas, a excesiva burocratización e a xustificación estrita dos gastos, a imposibilidade das asociacións de adiantar as contías económicas, e as dificultades asociadas á titularidade das instalacións.

Ademais, algunhas redeiras desenvolven o traballo no exterior, fundamentalmente nos peiraos dos portos, o que implica a exposición a condicións climatolóxicas extremas como choiva, vento, e frío ou calor excesivos. As redeiras de distintos territorios consideran importante conseguir a instalación de estruturas que as resgarden destas condicións naturais, que poderían contrarrestarse mediante toldos ou marquesiñas.


Así mesmo, durante o traballo de campo observamos grandes diferenzas nos distintos territorios no acceso a maquinaria. Mentres que nalgúns portos as redeiras contan con portas mecánicas nas naves, plumas elevadoras, ganchos industriais e carretillas elevadoras, noutros portos as redeiras apenas empregan maquinaria que facilite o seu traballo. Esta falta de maquinaria implica que, por exemplo, as redes do cerco teñan que ser reparadas obrigatoriamente nos peiraos, en exteriores, dada a dificultade de manipulalo polo seu peso e tamaño (dependendo da eslora da embarcación, unha rede de cerco pode pesar 2.000 quilos e medir arredor de 700 x 80 metros). Así mesmo, hai territorios nos que as redeiras moven pezas de artes menores (que pesan arredor de 60 quilogramos cada peza), que se estiban en palés que superan a altura dos ombros. O acceso a maquinaria é necesario para previr lesións e facilitar o traballo das redeiras. Neste sentido, tamén é fundamental a formación ás redeiras para manexar a maquinaria, xa que se atopan eivas de seguridade neste sentido.

Hai territorios nos que as asociacións de redeiras comparten a mesma nave, e as características do espazo de traballo afectan á súa capacidade de afrontar encargos se a nave se fai pequena. Cando coinciden no tempo distintos encargos, están obrigadas a traballar “en altura” (unha rede de cerco estendida por enriba de outra, para poder almacenalas), traballar no exterior e no interior á vez, ou non poder asumir traballos por non ter suficiente espazo. A insuficiencia de espazo condiciona a súa actividade profesional, véndose obrigadas a rexeitar encargos, e tendo que traspasar traballos a compañeiras doutros territorios. É preciso contar con instalacións adecuadas ao número de traballadoras, ou ter acceso a un almacén que permita gardar os aparellos.

Por último, e en canto aos espazos de traballo, é importante realizar unha reflexión sobre a incoherencia entre a relativa satisfacción xeral das redeiras coas condicións das instalacións nas que desenvolven o seu traballo, e os resultados que abordamos a continuación, en referencia á saúde laboral e a percepción de risco no traballo. Esta certa satisfacción co espazo de traballo pode explicarse a raíz do acceso das redeiras ás naves como espazo propio de traballo. Esta mellora, xa acadada, non quere dicir que non haxa camiño por percorrer, xa que os espazos de traballo contan cun amplo marxe de mellora que fomenta o coidado da saúde das redeiras.

A postura máis habitual na que as redeiras desenvolven o seu traballo é sentada nunha cadeira baixa (30,9%). O 23,6% traballa a totalidade da súa xornada laboral exclusivamente de pé, mentres que outro 23,6% alterna a posición de pé e sentada. É importante aclarar que esta alternancia non se da normalmente nun mesmo día de traballo, senón que ten que ver co tipo de arte que están traballando, e que suporía xornadas completas de pé, e xornadas completas sentadas. O 17,8% traballa normalmente sentada no chan e na propia rede.

Gráfico 31. Postura habitual no traballo.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

O que marca a postura habitual no traballo é fundamentalmente o tipo de arte traballada: as que traballan exclusivamente cerco o fan sentadas nunha cadeira baixa (39,9%) ou enriba da propia rede ou no chan (33,3%).

As redeiras que traballan artes menores traballan fundamentalmente de pé (46,6%). As profesionais que se dedican ao palangre ou ao arrastre alternan posturas (33,3%) ou de pé (33,3%), e as redeiras que combinan varias artes alternan estar sentada ou de pé, en función da arte que están desenvolvendo.

Táboa 45. Postura habitual no traballo segundo o tipo de rede traballada

	Sentada nunha cadeira	Alterno estar sentada e de pé	De pé	Sentada no chan	Outro
Combinación artes	21,9%	29,7%	12,5%	25,0%	10,9%
Só Artes Menores	34,2%	17,8%	46,6%	1,4%	0,0%
Só Cerco	39,6%	22,9%	2,1%	33,3%	2,1%
Só Palangre ou Arrastre	16,7%	33,3%	33,3%	16,7%	0,0%
Total	30,9%	23,6%	23,6%	17,8%	4,2%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

As redeiras máis novas traballan cada vez máis sentadas nunha cadeira ou tallo (35,4%) fronte ás redeiras máis maiores (23,1%).

Táboa 46. Postura habitual de traballo segundo idade

	Sentada nunha cadeira	Alterno estar sentada e de pé	De pé	Sentada no chan	Outro
Menores de 50 anos	35,4%	27,1%	25,0%	12,5%	0,0%
Entre 50 e 60 anos	30,4%	20,6%	24,5%	20,6%	3,9%
Maiores de 60 anos	23,1%	28,2%	20,5%	17,9%	10,3%
Ns/Nc	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Total	30,9%	23,6%	23,6%	17,8%	4,2%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Preguntadas polas principais doenzas e malestares que sofren a causa de desenvolver o seu traballo, atopamos que o 83,9% das redeiras declara ter lumbalxias, o 80,1% contracturas, o 76,4% cervicalxias, un 73,3% perda de visión, e o 72,8% ten sufrido algún corte debido ás ferramentas de traballo empregadas. Máis da metade das redeiras sofre tendinite (65,4%) e artrose (60,2%), e un 59,7% identifica situacións de stres relacionado ao desenvolvemento do seu traballo.

Táboa 47. Principais doenzas experimentadas polas redeiras.

Doenza	Número	Porcentaxe
Lumbalxias	159	83,2%
Contracturas	153	80,1%
Cervicalxias	146	76,4%
Perda de visión	140	73,3%
Cortes	139	72,8%
Tendinite	125	65,4%
Artrose	115	60,2%
Estrés	114	59,7%
Queimaduras polo sol	85	44,5%

Doenza	Número	Porcentaxe
Infeccións de orina (cistitis)	80	41,9%
Síndrome do túnel carpiano	77	40,3%
Cóbado de tenista	71	37,2%
Reuma	71	37,2%
Alteracións dixestivas	69	36,1%
Migrañas	64	33,5%
Artrite	63	33,0%
Alerxias	59	30,9%
Hernia discal	48	25,1%
Depresión	33	17,3%
Fracturas	32	16,8%
Abortos	5	2,6%
Outro	29	15,2%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

As mulleres das zonas marítimas de Arousa e Muros son as que sinalan maiores porcentaxes de doenzas en relación ás compañeiras doutros territorios. Ademais, as maiores de 50 anos padecen máis doenzas en todas as categorías preguntadas, menos no caso dos cortes, estres, queimaduras polo sol, alteracións dixestivas e migrañas.

Segundo o tipo de arte que adoitan traballar, as redeiras que se dedican exclusivamente ás artes menores son as que máis problemas de saúde manifestan. As mulleres que traballan exclusivamente cerco teñen maiores problemas coas queimaduras polo sol e infeccións de urina, mentres que as que se dedican só ao palangre ou só ao arrastre declaran en porcentaxes moi altos sufrir lumbalxias, contracturas e situacións de estres.

As partes ou membros do corpo con doenzas son a zona dorso-lumbar para o 86,9% das mulleres, e o 86,4% sinala dano no pescozo. As mans (83,2%), os ombros (83,2%) e os pulsos (82,2%) son nomeadas en altos porcentaxes. As dores teñen que ver coa musculatura e as articulacións, debido ás posturas e os movementos repetitivos asociados ao desenvolvemento do traballo, que xeran a aparición de problemas de saúde. Estes datos concordan cos achados na *Guía de Boas Prácticas e Saúde Laboral para as Redeiras*, estudo elaborado no 2012 polo ISSGA.

Táboa 48. Principais partes do corpo con molestias.

Partes do corpo con molestias	Número	Porcentaxe
Columna dorso-lumbar	166	86,9%
Pescozo	165	86,4%
Mans	159	83,2%
Ombros	159	83,2%
Pulsos	157	82,2%
Dedos	138	72,3%

Partes do corpo con molestias	Número	Porcentaxe
Caluga	124	64,9%
Pel	110	57,6%
Cadeiras	108	56,5%
Xeonllos	108	56,5%
Ollos	108	56,5%
Pes	80	41,9%
Cóbados	74	38,7%
Nocellos	64	33,5%
Riles	54	28,3%
Estómago	49	25,7%
Órganos sexuais e reprodutivos	28	14,7%
Pulmóns	20	10,5%
Bazo/vesícula	7	3,7%
Outro	7	3,7%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

As redeiras da zona marítima de Cedeira son as que maiores porcentaxes amosan en moitas das categorías de doenzas corporais, seguidas polas mulleres da zona marítima de Arousa. Neste caso, son as redeiras menores de 50 anos as que perciben máis as doenzas (agás a dor na columna dorso – lumbar, nas cadeiras, nos xeonllos, nos cóbados e nos ollos; así como nos riles, no estómago, no bazo e nos órganos sexuais e reprodutivos). De novo, volven a ser as redeiras de artes menores as que sinalan sufrir en maior medida doenzas ao longo do seu corpo.

A saúde laboral é un dos temas que xera maior preocupación entre o colectivo das redeiras, xa que é unha situación que viven diariamente e que afecta directamente na súa calidade de vida. En todas as asociacións profesionais visitadas durante o traballo de campo había algunha compañeira de baixa por motivos de saúde.

Abordando a súa vivencia nos grupos de análise e proposta, o sentir xeral é que cando aparece un problema de saúde asociado ao traballo (xa por si mesmo unha mala experiencia), agrávase co proceso de atención sanitaria que reciben. As redeiras declaran moita incompreensión por parte dos e das profesionais da saúde, ata o punto de sentirse “baixo sospeita”. Existen dúas situacións que relatan repetidamente: o descoñecemento da profesión que desenvolven, por parte dos e das profesionais da saúde; e que dean por feito que as doenzas e enfermidades son intrínsecas ao desenvolvemento desta profesión. Ambas situacións restan importancia aos seus malestares e non achegan solucións ao seu problema de saúde.

Esta incompreensión polas doenzas das redeiras, sumado ao descoñecemento da profesión por parte do persoal sanitario, repercute nunha situación de baixo recoñecemento das enfermidades profesionais que sofren, o cal ten implicación nas

contías económicas que perciben cando necesitan un tempo de repouso e descanso por problemas de saúde derivados do desempeño do seu traballo.

No ano 2019, a *Dirección General de Ordenación de la Seguridad Social* incluía no catálogo de enfermidades profesionais algunhas doenzas recorrentes das redeiras. As Mutuas Colaboradoras teñen, dende ese ano, instrucións para aplicar esta norma. Así, as enfermidades profesionais recoñecidas para o colectivo das redeiras son:

- Epicondilite e epitrocleite en cúbados e brazos (2D0201)
- Tendinite do abductor longo e extensor curto do pulso (T. De Quervain) en muñeca e man tenosinovite estenosante dixital (dedo en resorte), e do extensor longo do primeiro dedo (2D0301)
- Síndrome de compresión do ciático popliteo externo por compresión do mesmo a nivel co peroné (2F0401)
- Parálise no nervio radial por compresión do mesmo (2F0601)
- Enfermidades infecciosas e parasitarias causadas polo contacto coa humidade (3D0104)
- Enfermidades infecciosas e parasitarias causadas por traballar en zonas húmidas (3D0107)

Outra cuestión abordada nos grupos de análise e proposta, relacionada cos problemas de saúde e o feito de non sentirse coidadas polo persoal sanitario que as atende, foi o da auto medicación (recoñecen que esta situación se da entre as compañeiras tanto diariamente como puntualmente). Auto medicarse para continuar traballando é unha práctica que recoñecen como habitual en distintos territorios, xerando situacións de estres e resignación, e minorando a calidade de vida das redeiras. Reproducindo as súas palabras: *“ibuprofeno, antiinflamatorios, e a traballar”*. A necesidade de aplicar a perspectiva de xénero na medicina continúa sendo un reto pendente e unha liña clave para a mellora da saúde das mulleres.

Unha das propostas que achegan os grupos é a necesidade dunha mellor coordinación entre institucións: o Instituto Social da Mariña (ISM), o Instituto de Seguridade e Saúde laboral de Galicia (ISSGA) e as Mutuas deberían contar con canles de comunicación que lles permitisen ofrecer unha mellor atención ás persoas usuarias. As redeiras consideran preciso que compartan información, que os e as profesionais que atenden ás traballadoras do mar poidan acceder a unha formación especializada, e que faciliten o proceso ás doentes. Estas cuestións suporían un gran avance nos coidados das persoas traballadoras.

As redeiras tamén manifestan a necesidade de ser máis proactivas procurando información sobre os seus dereitos como traballadoras. Moitas descoñecen as enfermidades profesionais que teñen recoñecidas, os estudos e as guías de boas prácticas elaboradas para o seu colectivo, e tampouco saben cal é o proceso a seguir para solicitar unha baixa médica. Unha proposta para mellorar a información sobre os


seus dereitos é a de poñerse en contacto co ISSGA, e convidar ás profesionais da saúde aos espazos de traballo das redeiras, promovendo espazos nos que resolver dúbidas, coñecer informes e documentación que xa existe sobre a saúde laboral e a seguridade nesta profesión.

Nos grupos de análise e proposta, as redeiras fixeron propostas para o coidado activo da súa saúde e para a prevención de enfermidades. Unha das reclamacións máis repetidas é a posibilidade de realizar revisións médicas periódicas, como as que se lles realiza ao persoal a bordo de embarcacións. Estas revisións permitirían levar un seguimento sobre a súa saúde, e adiantarse a doenzas e enfermidades comúns que padece o colectivo. Así mesmo, nalgúns territorios toman o acordo mínimo de gardar unha caixa común con material de primeiros auxilios no espazo de traballo, tendo a man elementos básicos de coidado para as traballadoras.

Por último, dada a problemática compartida das doenzas musculares derivadas das posturas forzadas que esixe o desenvolvemento do seu traballo, algúns territorios propoñen promover algún acordo entre a Federación galega de redeiras artesás O Peirao, e o Colexio de fisioterapia de Galicia, que permita ao colectivo profesional do mar empregar este servizo dunha maneira máis accesible para todas.

A cualificación da seguridade no traballo é percibida como regular no 49,7% dos casos. Só o 22,5% das redeiras percibe que o seu traballo ten unha boa seguridade, mentres que o 2,1% considera que é un traballo moi seguro. No outro lado atópanse o 22,5% das redeiras, que consideran a seguridade no traballo como mala, e un 2,6% a percibe como moi mala.

Gráfico 32. Cualificación da seguridade no traballo.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

A maioría das redeiras de todas as zonas marítimas consideran regular a seguridade no seu traballo, sendo as redeiras da zona marítima de Arousa as que amosan unha porcentaxe máis alta na cualificación “moi boa”, cun 11% das redeiras enquisadas. Así mesmo, na zona da Mariña o 54,5% considera a seguridade como “boa”.

Pola contra, as redeiras das zonas de Vigo e Pontevedra son máis críticas con respecto á seguridade, xa que arredor do 34% das enquisadas nestas zonas considera a seguridade no traballo como mala. Un 6,9% das redeiras da zona de Muros considera a seguridade deste traballo como “moi mala”.

Táboa 49. Seguridade do traballo segundo zonas marítimas

	Moi boa	Boa	Regular	Mala	Moi mala	Ns/Nc
Zona I. Vigo	0,0%	7,7%	57,7%	34,6%	0,0%	0,0%
Zona II. Pontevedra	0,0%	17,4%	47,8%	34,8%	0,0%	0,0%
Zona III. Arousa	11,1%	22,2%	44,4%	14,8%	3,7%	3,7%
Zona IV. Muros	0,0%	20,7%	48,3%	24,1%	6,9%	0,0%
Zona VI. Costa da Morte	0,0%	26,3%	47,4%	21,1%	5,3%	0,0%
Zona VIII. Cedeira	3,6%	21,4%	60,7%	14,3%	0,0%	0,0%
Zona IX. Mariña	0,0%	54,5%	36,4%	9,1%	0,0%	0,0%
Outras zonas marítimas	0,0%	33,3%	44,4%	22,2%	0,0%	0,0%
Total	2,1%	22,5%	49,7%	22,5%	2,6%	0,5%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

A idade tamén xoga un papel na percepción da seguridade no traballo, xa que as máis novas consideran a seguridade como “regular” (o 54,2% das menores de 50 anos, fronte ao 38,5% das maiores de 60 anos), mentres que a percepción de seguridade como “mala” diminúe a medida que as redeiras son máis novas (14,6% das menores de 50 anos declara mala a seguridade, fronte ao 28,2% das maiores de 60 anos). Estes datos reflicten as melloras desenvoltas nos espazos de traballo nos últimos anos. Non hai diferenzas na percepción de seguridade en función da arte traballada ou na condición de asociadas ou non a outras redeiras.


Táboa 50. Seguridade do traballo segundo idade

	Moi boa	Boa	Regular	Mala	Moi mala	Ns/Nc
Menores de 50 anos	2,1%	27,1%	54,2%	14,6%	2,1%	0,0%
Entre 50 e 60 anos	2,9%	16,7%	52,0%	23,5%	3,9%	1,0%
Maiores de 60 anos	0,0%	33,3%	38,5%	28,2%	0,0%	0,0%
Ns/Nc	0,0%	0,0%	50,0%	50,0%	0,0%	0,0%
Total	2,1%	22,5%	49,7%	22,5%	2,6%	0,5%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

As redeiras enquisadas consideran que a idade máxima para desenvolver o seu traballo en boas condicións situaríase arredor dos 60,2 anos, unha idade límite con apenas variacións nos distintos territorios, nin no tipo de arte traballado, nin estando ou non asociadas.

Gráfico 33. Idade máxima para desenvolver con normalidade o traballo de redeira. Media.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Un dos retos históricos do colectivo é a consecución dun coeficiente redutor da idade de xubilación para as redeiras. Este colectivo profesional leva máis de 20 anos reclamando o recoñecemento do desgaste e da dificultade física que entraña o desenvolvemento do seu traballo. Este esforzo físico, xunto coas condicións laborais e os espazos de traballo, fan complicado continuar na actividade profesional unha vez acadada certa idade.

Así mesmo, o colectivo das redeiras (xunto co das neskattillas e empacadoras), continúa sendo o colectivo relacionado directamente co mundo do mar que non conta cun coeficiente redutor da idade de xubilación. Durante o período de desenvolvemento deste informe, a nova *Ley de pesca sostenible e investigación pesquera*, atópase en trámite parlamentario. Esta nova Lei contempla un coeficiente redutor do 1,5 para o colectivo de redeiras, o que suporía un logro conseguido tras moitos anos de empeño e defensa dos seus intereses.

EN RESUMO: SAÚDE LABORAL

Os **espazos de traballo** máis habituais son as **naves de redeiras e os peiraos dos portos pesqueiros**. Así mesmo, un terzo das redeiras traballa ocasionalmente no seu domicilio.

A **valoración xeral** das redeiras sobre a instalación principal na que desenvolven o seu traballo é no **41,4% dos casos moi boa ou boa; no 34,6% regular e no 20,9%** consideran que o seu espazo habitual de traballo atópase en condicións **malas ou moi malas**. As condicións peor valoradas son as de **temperatura e humidade**. Os espazos de traballo son clave para a sostibilidade da actividade laboral, a organización das asociacións de redeiras, e tamén teñen gran influencia na saúde e benestar das traballadoras. Así mesmo, é preciso sinalar a incongruencia entre a valoración relativamente positiva que dan as redeiras ás instalacións nas que desenvolven o seu traballo, e o estado actual das mesmas.

O que marca a postura habitual no traballo é fundamentalmente o tipo de arte traballada. Preguntadas polas **principais doenzas e malestares** experimentados polas redeiras a causa de desenvolver o seu traballo, atopamos que **8 de cada 10 redeiras sofren de lumbalxias, contracturas e cervicalxias; e 7 de cada 10 acusan perda de visión e cortes**. Ademais, **6 de cada 10 redeiras padecen tendinite, artrose e estres** asociado ao desenvolvemento do seu traballo. Estas doenzas teñen especial incidencia nas zonas marítimas de Arousa e Muros. **As redeiras que traballan exclusivamente artes menores declaran maiores porcentaxes de doenzas que as que traballan o resto de artes**.

A **saúde laboral** é un dos temas que maior preocupación xera entre as redeiras. Preguntadas polas zonas ou partes do corpo que concentran os malestares, estes concéntranse na **columna dorso – lumbar, no pescozo, nas mans, nos ombros e nos pulsos**. As dores teñen que ver coa **musculatura e as articulacións**, debido ás posturas e aos movementos repetitivos asociados ao desenvolvemento do traballo, que facilitan a aparición de problemas de saúde.

As redeiras perciben **incomprensión e descoñecemento** sobre as implicacións do desenvolvemento da súa profesión entre os profesionais da saúde, e elas **descoñecen os seus dereitos en canto á normativa** que as ampara. Neste sentido, reclaman unha **maior formación** para si mesmas e tamén para os e ás profesionais que as atenden, de quen reclaman **unha maior coordinación** para mellorar a atención sanitaria que reciben. Así mesmo, as redeiras recoñecen unha “normalización” en canto á **auto medicación** do colectivo para poder continuar traballando, e reclaman a necesidade de ser máis activas coa **prevención e o coidado da súa saúde**.

O 50% das redeiras cualifica como “regular” o nivel de seguridade no traballo. Este dato sobre a percepción das redeiras dos riscos laborais **contrasta**, como comentábamos anteriormente, coa relativa satisfacción das redeiras coas condicións das instalacións nas que desenvolven o seu traballo.

Preguntadas pola **idade máxima** na que consideran que as redeiras poden realizar o seu traballo en condicións óptimas, sitúan o límite nunha media de **60,2 anos**. Curiosamente, esta idade aproxímase á idade media global das mulleres que causan baixa na profesión, segundo os datos do ISM, e que se sitúa nos 62,3 anos.

Un dos retos históricos do colectivo é a consecución dun **coeficiente redutor da idade de xubilación** para as redeiras. Este colectivo profesional leva máis de 20 anos reclamando o recoñecemento desta mellora nas súas condicións laborais.

Actualmente, a nova *Ley de pesca sostenible e investigación pesquera* contempla un recoñecemento dun coeficiente redutor do 0,15 para o colectivo das redeiras. Esta lei foi aprobada o 17 de marzo de 2023, o que supón un logro conseguido tras moitos anos de defensa dos intereses deste colectivo profesional.



Fotografía 14. Redeiras de Corme traballando artes menores. Imaxe tomada tomada da Federación de redeiras artesás O Peirao


5.6. Participación e recoñecemento da profesión de redeira

O último apartado abordado na enquisa foi o relativo á visibilidade da profesión, a participación do colectivo, e o recoñecemento que reciben como traballadoras imprescindibles na cadea da pesca. Dada a amplitude desta temática, analizamos a porcentaxe de participantes asociadas e non asociadas en colectivos profesionais, así como o tipo de entidades das que forman parte. Por outro lado, abordamos a súa percepción en canto ao recoñecemento que reciben por parte de diversos colectivos.

Por último, compartimos aqueles temas abordados nos grupos de análise e proposta, que teñen que ver cos avances e conquistas da profesión, a necesidade de continuar asociándose e participando en máis espazos de toma de decisións, e no impulso para que cada vez máis redeiras se impliquen para a mellora das condicións laborais do colectivo.

Sete de cada dez mulleres que participaron na enquisa está asociada a algunha entidade profesional do seu territorio, ou a entidades que representan ás mulleres do mar como colectivo. Por outra banda, o 26,2% das participantes non forma parte de ningunha asociación. As zonas nas que as redeiras están menos asociadas son Pontevedra (78,3% das enquisadas non formaban parte de ningunha asociación), Arousa (63% non asociadas), e as zonas marítimas de A Coruña – Ferrol e Fisterra (44,4% non asociadas).

Gráfico 34. Porcentaxe de persoas asociadas.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

As entidades con maior número de mulleres asociadas son a Asociación Nacional de Mulleres da Pesca (ANMUPESCA), co 63,4% das participantes, e a Federación galega de redeiras artesás O Peirao, co 59,2% de asociadas entre a mostra participante na enquisa.

Na seguinte táboa obsérvase a pertenza das redeiras participantes na enquisa ás distintas asociacións locais, mentres que o 26,2% da mostra non participa en ningunha asociación.

Táboa 51. Principais entidades con redeiras asociadas.

Entidade	Número	Porcentaxe
Asociación Nacional de Mulleres da Pesca-ANMUPESCA	121	63,4%
Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao	113	59,2%
Asociación de redeiras O Fieital de Malpica	24	12,6%
Asociación de redeiras O Cerco de Cangas de Morrazo	22	11,5%
Redeiras de Porto do Son. Virxe do Carme	18	9,4%
Asociación profesional de redeiras de Cariño	16	8,4%
Asociación de redeiras Illa da Estrela	16	8,4%
Redeiras de Portosín	11	5,8%
Asociación de redeiras Cabo Burela	9	4,7%
Asociación de redeiras de Cedeira	6	3,1%
Asociación de redeiras do Baixo Miño Atalaia	4	2,1%
Outras (A Ribeira de Portonovo, Maruxía de Cambados, etc)	32	16,8%
Ningunha	50	26,2%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

A distribución territorial das redeiras nas asociacións ordénase segundo a proximidade da localidade na que residen. Entre as entidades de ámbito autonómico ou nacional, a distribución de socias é a seguinte. A Federación galega de redeiras artesás O Peirao, recibe o 31,9% das socias da zona marítima da Costa da Morte, o 22,1% da zona de Muros, o 20,4% da zona de Vigo, e o 19,5% da zona marítima de Cedeira.

No caso das redeiras asociadas a ANMUPESCA, o 39,8% son da zona marítima da Costa da Morte, o 21,5% de Vigo, o 19,8% de Muros, o 17,4% de Cedeira, e en porcentaxes menores atópanse socias da Mariña (6,6%), Arousa (2,5%), e A Coruña – Ferrol e Fisterra (2,5%).

Táboa 52. Distribución territorial das redeiras asociadas e non asociadas

	Zona I. Vigo	Zona II. Pontevedra	Zona III. Arousa	Zona IV. Muros	Zona VI. Costa da Morte	Zona VIII. Cedeira	Zona IX. Mariña	Outras zonas marítimas
Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao	20,4%	0,0%	2,7%	22,1%	31,9%	19,5%	0,9%	2,7%
Asociación Nacional de Mulleres da Pesca-ANMUPESCA	21,5%	0,0%	2,5%	19,8%	29,8%	17,4%	6,6%	2,5%

Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

En canto á percepción das redeiras sobre o recoñecemento da súa profesión, é importante sinalar que a maioría das mulleres recoñecen que, aínda que se conseguiu visibilizar moito o seu traballo, aínda queda moito camiño por percorrer. Se este traballo non é visible, é difícil que sexa valorado. A raíz desta reflexión, o 59,7% das redeiras considera que a sociedade en xeral valora pouco ou nada a profesión das redeiras. As redeiras maiores de 60 anos senten que a sociedade valora o traballo das redeiras en maior medida que as menores de 50 anos.


Ao tempo, o 43,5% das redeiras séntense pouco ou nada valoradas polo sector pesqueiro. Os baixos prezos que perciben polo traballo que realizan, a exclusión dos espazos de decisión e a intrusión laboral, entre outras cuestións, provocan que non se sentan valoradas maioritariamente polos seus compañeiros e compañeiras. Un 33,5% séntense regular valoradas, mentres que o 22,5% séntense moi valoradas polo sector pesqueiro. Tamén nesta ocasión, máis porcentaxe de redeiras maiores de 60 anos senten que o sector pesqueiro valora moito ou bastante o seu traballo. As redeiras que non traballan asociadas concentran maiores porcentaxes en sentirse moi ou bastante valoradas polo sector pesqueiro, en relación ás compañeiras que si que están asociadas, que se senten maioritariamente regular ou pouco valoradas polo sector pesqueiro.

O 65,4% sente que o colectivo de redeiras é pouco ou nada valorado polas institucións públicas. Algunhas razóns nos grupos de análise e proposta teñen que ver coa distancia entre as institucións e o propio colectivo, os poucos avances e melloras percibidos polo colectivo en cuestións substanciais, e o pouco apoio que perciben ás súas reivindicacións colectivas. Hai melloras relativamente sinxelas, como as condicións das instalacións, ter voz en espazos de toma de decisión que lles afectan directamente, ou sentirse escoitadas como colectivo, que provocan que as redeiras se sintan pouco valoradas polas Administracións.

O 58,1% percibe que o propio colectivo valora moito a profesión, poñendo de manifesto a existencia dun marco compartido de recoñecemento mutuo, de ter conciencia de ser un colectivo imprescindible para o funcionamento do sector, que practica a colaboración entre os territorios, e que é consciente da necesidade de continuar avanzando xuntas. É importante comentar que un 23% das redeiras considera que o propio colectivo valórase regular, e un 14,7% considera que o colectivo valórase pouco ou nada.

A idade das redeiras amosa diferenzas na percepción da valoración do colectivo de redeiras sobre o seu propio colectivo: as maiores de 60 anos consideran en maior medida que o propio colectivo valórase moito, mentres que as menores de 50 anos consideran maioritariamente que o colectivo valórase a si mesmo bastante ou regular.

Gráfico 35. Valoración do traballo de redeiras por colectivos.



Fonte: Enquisa a redeiras de Galicia. 2022. Base: (n=191 persoas).

Nos grupos de análise e proposta abordamos a visibilidade do colectivo das redeiras, o recoñecemento que perciben por parte de diversos colectivos, e tamén da súa participación en distintos espazos de decisión como pezas fundamentais do sector pesqueiro.

O punto de partida común é o recoñecemento de grandes avances na visibilidade da profesión, grazas á labor sostida no tempo na que o propio colectivo leva anos poñendo esforzo. A pesar desta mellora, é preciso continuar percorrendo camiño, xa que as redeiras consideran que continúan sendo un dos colectivos máis invisibilizados do sector pesqueiro.

Ademais, comparten unha visión de avance en algunhas cuestións, pero a un ritmo demasiado lento. As reivindicacións históricas do colectivo de redeiras están relacionadas cos seus dereitos laborais, xa que, por exemplo, continúan sendo as únicas traballadoras do sector pesqueiro sen ter un coeficiente redutor da idade de xubilación. Esta reivindicación reclámase polo colectivo dende o ano 2004, e está actualmente en trámite parlamentario para debater a súa aprobación. A percepción do escaso avance provoca que as redeiras non perciban melloras nas súas condicións laborais máis fundamentais.

O apoio entre compañeiras é condición indispensable para continuar mellorando as condicións desta profesión. Nos grupos sobresaee a necesidade de que todas as redeiras fagan un esforzo en implicase máis alá do traballo produtivo, apoiando o traballo das asociacións na loita polos seus dereitos.

Esta participación e implicación do propio colectivo enténdese nun sentido amplo: abarca dende falar máis entre elas, deixar atrás conflitos enquistados, tomar acordos e respectalos, cortar discursos que non benefician ao colectivo, e ser máis solidarias entre elas. Estas actitudes foron as máis comentadas nos grupos como as características que deberían primar na relación entre as redeiras.

Así mesmo, ven preciso tomar un rol máis activo, respectando as preferencias e as capacidades de cada unha, participando en xornadas ou charlas sobre temas de interese para a súa profesión, manténdose actualizadas e informadas sobre os cambios no ámbito no que traballan, consultando guías dispoñibles sobre o coidado da súa saúde, e compartindo esta información co resto de compañeiras.

A participación en espazos de toma de decisión é escaso. Valórase moi importante a existencia de asociacións que representan ás mulleres do mar, pero son conscientes de que a súa incidencia é limitada. Neste sentido, xa no *6º Congreso de mulleres en la pesca*, celebrado en Xixón no ano 2019, adquiríase o compromiso de revisar a Lei de Pesca, incluíndo ao colectivo das redeiras. Isto permitiría que participasen de espazos de toma de decisións como as confrarías de pescadores. Esta reivindicación melloraría a capacidade de gobernanza das redeiras, as recoñecería como iguais ante o resto do sector, e tamén lles daría a posibilidade dunha maior coordinación co resto de axentes do sector pesqueiro.

Malia estas dificultades, o colectivo de redeiras é un grupo moi activo na xeración de redes con outros axentes locais dos seus territorios. En concreto, as asociacións de redeiras colaboran continuamente cos concellos, as escolas, os Grupos de acción local do sector pesqueiro, e outras entidades locais, en proxectos moi diversos. Así mesmo, a Federación galega de redeiras artesás O Peirao forma parte do Consello galego de pesca e da Rede Redmar, na que o sector pesqueiro colabora cos organismos científicos para abordar problemáticas comúns e achegar solucións conxuntas.

Estas colaboracións e alianzas aumentan as súas redes, fan visible o seu traballo cara á sociedade en xeral e dálle valor, conservando uns saberes e unha cultura a transmitir e preservar.

Por último, abordamos a propia sostibilidade do traballo das redeiras. Este tema foi o punto de partida dos grupos de análise e proposta, e unha preocupación recorrente entre o colectivo, que enfrenta os retos da falta de relevo xeracional e tamén se insire nun sector pesqueiro que, como recollimos na primeira parte de este estudo, está experimentando cambios. A sostibilidade do colectivo das redeiras está directamente relacionado coa sostibilidade da actividade do sector pesqueiro: *“sen pesca non hai redes, e sen redes non hai pesca”*.

Como vimos no primeiro apartado deste estudo, a cantidade de embarcacións na costa galega foi diminuindo ao longo destes anos. Esta situación provoca que o número de clientes cos que traballan as redeiras vaia concentrándose progresivamente, a medida que van desaparecendo as embarcacións. Ao haber menor frota, as redeiras teñen menos posibilidade para acumular carga de traballo.

O colectivo das redeiras bota en falta un maior apoio á pesca costeira artesanal, xa que perciben que cada vez afrontan maiores complicacións á hora de desenvolver o seu traballo (menores cotas, maiores vetos, menos axudas, así como outras circunstancias como o aumento dos custos), á vez que se promoven axudas para cuestións relacionadas coa pesca turismo ou a artesanía. As redeiras de todos os territorios entenden que estas outras vías son necesarias e positivas para o sector, xa que poñen en valor a actividade pesqueira como sector imprescindible para a sociedade, pero a atención debe estar posta decididamente no mantemento da actividade pesqueira. Atar os aparellos e saír ao mar ten sentido se a actividade está enfocada ao sector primario, polo que é necesario un compromiso decidido por coidar e manter esta forma de vida.

EN RESUMO: PARTICIPACIÓN E RECOÑECEMENTO DAS REDEIRAS

Arredor do **75% das mulleres** que contestaron á enquisa forman parte de algunha **asociación** profesional, tanto no seu territorio como a nivel autonómico ou nacional. O menor nivel de asociacionismo atópase nas zonas marítimas de Pontevedra, Arousa, e A Coruña – Ferrol e Fisterra; mentres que as zonas da Costa da Morte, Vigo, Muros e Cedeira son as máis activas no asociacionismo.

A pesar da mellora percibida en canto á visibilidade da profesión, as redeiras **non se senten un colectivo recoñecido pola sociedade, sendo as maiores de 60 anos as que máis recoñecemento perciben**. Así mesmo, o 43,5% das redeiras séntense pouco ou nada valoradas polo sector pesqueiro, recoñecéndose como **o colectivo máis invisible dos portos**. Os baixos prezos que perciben polo traballo que realizan, a non participación nos espazos de decisión e a intrusión laboral, entre outras cuestións, provocan que non se sentan valoradas polos seus compañeiros e compañeiras.

O 65,4% sente que o colectivo de redeiras é pouco ou nada valorado polas institucións públicas. Algunhas razóns teñen que ver coa distancia entre as institucións e as redeiras, os poucos avances e melloras percibidos polo colectivo en cuestións substanciais, ou o pouco apoio que perciben ás súas reivindicacións colectivas. Con todo, **o 58,1% percibe moita valoración da profesión dentro do propio colectivo**, poñendo de manifesto a existencia dun marco compartido de recoñecemento mutuo, de ter conciencia de ser un colectivo profesional imprescindible para o funcionamento do sector.

A participación en espazos de toma de decisión é escaso. A existencia de asociacións que representan ás mulleres do mar é moi valorada, pero son conscientes de que a súa incidencia é limitada. Por iso, as redeiras consideran importante a aprobación da *Ley de pesca sostenible e investigación pesquera*, para que as redeiras poidan formar parte das confrarías de pescadores, con voz e voto, e mellorar a **gobernanza** do colectivo sobre as cuestións que lles afectan directamente.

Por último, as redeiras reclaman que o apoio á actividade pesqueira ten que ser decidido. As redeiras desenvolven o seu traballo en relación directa coas frota dos portos pesqueiros, polo que esixen un **maior apoio ás reivindicacións e necesidades do sector**. A pesca é unha actividade necesaria para a sociedade, achegando alimentos de alta calidade e de proximidade, polo que é necesario protexela, mantela e coidala.



Fotografía 15. Redeiras do Baixo Miño, A Guarda, traballando artes menores. Imaxe tomada da Federación de redeiras artesás O Peirao

6. Conclusións

A Federación galega de redeiras artesás O Peirao, puxo en marcha este estudo co obxectivo de coñecer a realidade laboral do colectivo ao que representa. Ao longo da primeira metade do ano 2022, levouse a cabo unha revisión bibliográfica sobre as redeiras, así como a explotación e a análise de datos secundarios obtidos pola Consellería do Mar e o Instituto Social da Mariña. Ademais, desenvolveuse o traballo de campo ao longo da costa galega, que consistiu no contacto coas redeiras galegas para cubrir unha enquisa e participar nos grupos de análise e proposta. O coñecemento da realidade laboral das mulleres do sector pesqueiro é unha das medidas incluídas no *“Plan para la igualdad de género en el sector pesquero y la acuicultura 2021 – 2027”*. A enquisa contou coa participación de 191 redeiras, e nos grupos de análise e proposta compartiron a súa visión sobre a profesión un total de 92 mulleres.

O colectivo de profesionais das redes de pesca está composto por un total de 448 profesionais ao longo das costas españolas. En Galicia existen 375 homes e mulleres que se dedican ao traballo de elaboración e reparación de redes, dos que o 91% son mulleres (342 mulleres). Esta profesión, maioritariamente desenvolta en Galicia e fortemente feminizada, perdeu unha gran cantidade de profesionais nos últimos anos (pasando das 541 mulleres dadas de alta en Galicia no ano 2016, ata as 342 que existen actualmente).

A causa maioritaria que explica as baixas é o pase das redeiras á situación de pensionistas, a unha idade media de 67,2 anos, o que pon de manifesto o forte envellecemento deste colectivo e a problemática da falta de relevo xeracional desta profesión. A media de idade das redeiras en activo actualmente é de 53,8 anos, e o 20,4% das redeiras superan os 60 anos de idade. A mellora das condicións laborais, que fomenten o relevo xeracional, é un dos retos aos que se enfrenta esta profesión.

As redeiras comezan a traballar a unha idade media de 23,4 anos, e un 38,2% das redeiras comezou a traballar con menos de 16 anos. Sen embargo, a porcentaxe maioritaria das redeiras (44,5%) ten cotizados entre os 16 e os 25 anos. O desequilibrio entre os anos traballados e os cotizados pode explicarse pola concepción (maioritariamente superada) deste traballo como complemento económico nas familias. O 80,6% das redeiras cotizan baixo o Réxime especial do mar.

As redeiras que traballan asociadas en agrupacións amosan maiores porcentaxes en canto a titulacións relacionadas co desenvolvemento do seu traballo, como o certificado de profesionalidade, o diploma de redeira artesá, asesora e avaliadora de cursos de redeiras, formadora de formadoras ou formación profesional marítimo

pesqueira. En canto á formación, as redeiras reclaman maior periodicidade nas convocatorias de recoñecemento da experiencia profesional e nas convocatorias de exames para obter o Certificado de profesionalidade. Así mesmo, considerarían un avance importante para a profesión a súa integración na oferta de Formación Profesional Dual, ofrecendo este traballo como unha profesión con futuro para as novas xeracións e asentada nas comunidades costeiras.

O cliente principal das redeiras son os armadores ou armadoras (81,7%). O 68,1% das redeiras galegas dedícanse ás artes menores, e o 53,4% realiza ou repara o cerco. Un 13,1% ata palangre, e un 6,8% das enquisadas dedícase ás redes de arrastre. As agrupacións de redeiras especialízanse en función dos tipos de arte de pesca maioritaria dos portos de cada territorio. Así mesmo, a medida que descende a idade das redeiras, a tendencia é dedicarse máis ao cerco e menos ás artes menores.

A intrusión profesional continua sendo un tema de preocupación para as redeiras, que o consideran unha práctica aínda relativamente normalizada nos portos, e que ten un impacto moi negativo no seu traballo. As redeiras reclaman un maior apoio por parte das Administracións, xunto con outras medidas como unha etiquetaxe que permita a trazabilidade e o seguimento dos aparellos.

En canto á xornada laboral e aos ingresos das redeiras, é preciso sinalar a inestabilidade nas cargas de traballo, asociadas ás campañas de pesca, ao tipo de clientela coa que traballan, e á modalidade de cotización das redeiras, na maioría autónomas. Así, as cargas de traballo flutúan ao longo do ano, existindo picos moi intensos de traballo xunto con momentos de moi pouca actividade laboral.

Estimando as cargas de traballo ao longo do 2021 e o 2022, arredor do 80% das redeiras declara traballar a xornada completa, tendo carga de traballo suficiente para todos os días laborais do mes. Ademais, o 95% das redeiras traballa diariamente entre 8 ou máis horas ao día, incluíndo aquelas tarefas non produtivas pero necesarias para o desenvolvemento do traballo.

Arredor do 30% das redeiras declara ingresar entre os 401 e os 600€ netos mensuais. Outro 30% ingresa entre os 601 e os 800€; e un 20,4% ingresa entre 801 e 1.000€ mensuais. O 20% restante das redeiras atópase nos extremos, ingresando un 9,9% máis de 1.000€ mensuais e un 10,5% entre 201 e 400€. O 68,6% das redeiras dedícanse en exclusiva ao traballo nos aparellos, xa que non desenvolven ningún tipo de actividade complementaria.

Os espazos de traballo máis habituais son as naves de redeiras e os peiraos dos portos pesqueiros. Así mesmo, un terzo das redeiras traballa en ocasións no seu domicilio. A valoración xeral das redeiras sobre a instalación principal na que desenvolven o seu traballo é no 41,4% dos casos moi boa ou boa; no 34,6% regular e no 20,9% consideran que o seu espazo habitual de traballo atópase en condicións

malas ou moi malas, tendo especial influencia a humidade e a temperatura. Malia esta relativa satisfacción cos espazos de traballo, identifícanse condicións das instalacións e da maquinaria empregada susceptibles de mellora.

Preguntadas polas principais doenzas e malestares experimentados polas redeiras a causa de desenvolver o seu traballo, atopamos que 8 de cada 10 redeiras sofren de lumbalxias, contracturas e cervicalxias; e 7 de cada 10 acusan perda de visión e cortes. Ademais, 6 de cada 10 redeiras padecen tendinite, artrose e estres asociado ao desenvolvemento do seu traballo.

Ante un problema de saúde, a vivencia na xestión das baixas laborais é moi negativa, xa que as redeiras senten un gran descoñecemento da súa profesión por parte do persoal sanitario e unha minimización dos seus malestares. Algunhas propostas para mellorar o proceso pasan por promover a coordinación entre institucións sanitarias e aumentar a súa formación sobre as profesións relacionadas co mundo do mar. As redeiras comprométese a coidar máis activamente a súa saúde, xa que o 50% cualifica como “regular” a seguridade no traballo.

O colectivo considera que a idade máxima para realizar o seu traballo en condicións óptimas sitúase arredor dos 60,2 anos. Este dato apoia á tradicional reivindicación do colectivo das redeiras para acadar o recoñecemento dun coeficiente redutor da idade de xubilación, actualmente contemplado na nova *Ley de Pesca sostenible e investigación pesquera*, pendente de aprobación parlamentaria.

Arredor do 75% das mulleres que contestaron á enquisa forman parte dalgunha asociación profesional, tanto no seu territorio como a nivel autonómico ou nacional. A pesar da mellora percibida en canto á visibilidade da profesión, as redeiras non se senten un colectivo recoñecido nin valorado pola sociedade en xeral, polo propio sector pesqueiro, nin polas institucións públicas. Por contra, senten que o propio colectivo valórase moito a si mesmo.

A pesar da existencia de asociacións de mulleres do sector, consideran que o seu poder de influencia é limitado. As redeiras son un colectivo que quere ter voz e voto, un compromiso adquirido no ano 2019 no *Congreso Nacional de Mujeres del Sector Pesquero* e tamén contemplado na *Ley de Pesca sostenible e investigación pesquera*.

Por último, as redeiras reclaman un apoio decidido á actividade pesqueira. As redeiras desenvolven o seu traballo en relación directa coas frotas dos portos pesqueiros, polo que esixen un maior apoio ás reivindicacións e necesidades do conxunto do sector. A pesca é unha actividade necesaria para a sociedade, achegando alimentos de alta calidade e de proximidade, polo que é necesario protexer, manter e coidar esta forma de vida.

No contexto galego, o tipo de pesca maioritaria é o que emprega as artes menores. Ademais, o produto máis vendido nas lonxas galegas é o peixe, aínda que as cifras de capturas reducíronse un 19,2% dende o ano 2016. O sector pesqueiro forma unha cadea interdependente de profesionais: se o número de embarcacións é menor, as vendas diminúen e as especies capturadas descendem, as actividades auxiliares á pesca (entre as que se atopan as redeiras) vense afectadas.

“Sen pesca non hai redes, e sen redes non hai pesca” é un dos lemas que maior visibilidade deu ás redeiras. Ambos colectivos deben apoiarse mutuamente para conseguir melloras nas súas condicións laborais, e manter a cultura e a identidade propia dos portos galegos, nos que as redeiras son parte imprescindible.

Bibliografía e recursos consultados

España. *Real Decreto 1376/2009, por el que se establecen dos certificados de profesionalidad de la familia profesional Marítimo pesquera que se incluyen en el Repertorio Nacional de certificados de profesionalidad*. BOE. 28 de agosto de 2009, núm. 227, p. 77987 - 78030 <<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2009-14828>>

Federación galega de redeiras artesás O Peirao. *Páxina web*. <<https://www.redeirasdegalicia.org>> [Consulta: 05 de xullo de 2022]

Federación galega de redeiras artesás O Peirao. *Redeiras nas redes: presentación*, en Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=_dsJJAoczVk> [Consulta: : 05 de xullo de 2022]

Federación galega de redeiras artesás O Peirao. *Redeiras nas redes: arrastre*, en Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=_rgFXt0xlw> [Consulta: : 05 de xullo de 2022]

Federación galega de redeiras artesás O Peirao. *Redeiras nas redes: cerco*, en Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=1zfR2j_EztY&t=236s> [Consulta: : 05 de xullo de 2022]

Federación galega de redeiras artesás O Peirao. *Redeiras nas redes: artes menores*, en Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=veu2L_nnNL0> [Consulta: : 05 de xullo de 2022]

Federación galega de redeiras artesás O Peirao. *Redeiras nas redes: palangre*, en Youtube. <<https://www.youtube.com/watch?v=2qoD7nPgvTw>> [Consulta: : 05 de xullo de 2022]

Martínez García, P.(2016). *Empoderamiento femenino en contextos de gobernanza. Análisis de las experiencias de las trabajadoras de la pesca en Galicia y Euskadi*. Tesis. Bilbao: Universidad del País Vasco

La revista de la Seguridad Social (2019). *Rederas y mariscadoras ven reconocidas las dolencias propias de su tarea como enfermedades profesionales*. España. Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. <<https://revista.seg-social.es/-/rederas-y-mariscadoras-ven-reconocidas-las-dolencias-propias-de-su-tarea-como-enfermedades-profesionales#:~:text=A%20la%20vista%20de%20informes%20estad%C3%ADsticos%20recogidos%20entre,Epicondilitis%20y%20epitrocleititis%20en%20codos%20y%20brazos%20%282D0201%29>> [Consulta: 05 de xullo de 2022]

Red española de mujeres en el sector pesquero. *Plan para la igualdad de género en el sector pesquero 2021 – 2027*. España: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. <https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/red-mujeres/plan-de-igualdad-2021-2027-optimizado-web_tcm30-608257.pdf> [Consulta: : 05 de xullo de 2022]

Red española de mujeres en el sector pesquero. *Seguimiento sobre la situación de la mujer en el sector pesquero y acuícola*. <https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/red-mujeres/1-seguimiento-en-cifras-sobre-la-situacion-laboral-de-la-mujer-en-el-sector-mayo_tcm30-425320.pdf> [Consulta: : 05 de xullo de 2022]

Red española de mujeres en el sector pesquero. *Rederas: un oficio desconocido*. España: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. <https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/red-mujeres/estudiorederas2012_tcm30-77181.pdf> [Consulta: 05 de xullo de 2022]

Universidade de Vigo. Campus do Mar. *Sustentabilidade en feminino*. <http://marenfeminino.campusdomar.gal/>

Xunta de Galicia. Instituto galego de Seguridade e Saúde Laboral ISSGA. *Estudio epidemiológico: rederas y percebeiros a pie*. <https://issga.xunta.es/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/estudio_redeiras_castellano.pdf> [Consulta: 05 de xullo de 2022]

Xunta de Galicia. Instituto galego de Seguridade e Saúde Laboral ISSGA. *Guía de boas prácticas. Saúde laboral: redeiras*. <http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/documentacion/publicacions/guia_rederas_galego.pdf> [Consulta: 05 de xullo de 2022]

Xunta de Galicia. Consellería do Mar. *Acordo de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Centro galego da artesanía e do deseño para o desenvolvemento de accións formativas ao colectivo de redeiras artesás no marco do seu proceso de diversificación profesional, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca*. 28 de marzo de 2016.

Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. *Recoñecemento da experiencia profesional*. <<https://emprego.xunta.gal/portal/gl/10-demandantes/demandantes-gl/8-validacion-da-formacion-e-experiencia-certificado-profesional.html>> [Consulta: 05 de xullo de 2022]

Xunta de Galicia (2016). *“O Programa Enredadas impulsa a diversificación do traballo das redeiras co deseño e produción de novos produtos artesáns”* en <https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/050371/programa-enredadas-impulsa-diversificacion-traballo-das-redeiras-deseno-produccion?langId=es_ES> [Consulta: 05 de xullo de 2022]

Anexo I: Enquisa

INTRODUCCIÓN

Dende a Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao, estamos a desenvolver unha diagnose sobre a situación sociolaboral das redeiras galegas. Os obxectivos desta diagnose diríxense a definir o número de persoas traballando neste sector, definir o perfil profesional e caracterizar a súa situación sociolaboral polo que agradecemos a túa participación contestando ás seguintes preguntas.

Esta enquisa é anónima, garantindo a confidencialidade e o segredo das respostas no cumprimento da lei de protección de datos persoais e segredo estatístico, polo que pregamos que as túas respostas sexan o máis sinceras posibles. A túa opinión é importante.

Responsable: O Peirao, redeiras artesás. Rúa As Neves, nº3, 4º Travesía. 15113 Malpica de Bergantiños, A Coruña, Galicia. Contacto: 691 237 370 / info@redeirasdeg Galicia.org

Finalidade principal: Aproximación á realidade sociolaboral do colectivo profesional de redeiras de Galicia.

Lexitimación: Obtención e análise de datos sociolaborais do sector das redeiras artesás galegas.

Dereitos: Podes exercer o teu dereito a revogar o teu consentimento para o tratamento dos teus datos así como solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade ou oposición dos mesmos, remitindo unha comunicación ao seguinte email: info@redeirasdeg Galicia.org .Tamén poderás presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos se non obtés satisfacción no exercicio dos seus dereitos, na súa web: <https://www.aepd.es/>

Delegación de protección de datos: info@redeirasdeg Galicia.org



BLOQUE I: INFORMACIÓN DE PERFIL DA PERSOA

1. Cal é a túa idade?

2. Cal é o teu sexo?

- Muller
- Home

3. Cal é o teu concello de residencia?

4. Indica cal ou cales son os principais concellos nos que desenvolves a túa actividade como redeira na actualidade (Sinala un máximo de tres concellos)

5. Cal é a túa situación familiar? (indica unha resposta)

- Vivo soa
- Convivo en parella sen fillos ou fillas
- Convivo en parella con fillos ou fillas
- Convivo con familia extensa
- Familia monomarental ou monoparental
- Outros. Indica cal

6. A que idade comezaches a traballar como redeira?

7. Cantos anos levas cotizados como redeira? (indica unha resposta)

- Menos de 5 anos
- Entre 6 e 15 anos
- Entre 16 e 25
- Entre 26 e 35
- Máis de 35 anos
- Non sabe / Non contesta

8. En que modalidade cotizas actualmente? (indica unha resposta)

- Réxime xeral, por conta propia
- Réxime especial do mar
- Réxime xeral, por conta allea
- Outras. Indica cal

9. Como aprendiches principalmente a túa profesión de redeira? (indica unha resposta)

- Por tradición familiar, aprendín de pequena
- Mediante cursos de formación
- A través da experiencia
- Outras formas. Indica cal
- A través das compañeiras

10. Tes algunha formación específica relacionada co sector pesqueiro? (podes indicar máis dunha resposta)

- Certificado de profesionalidade
- Formación profesional marítimo - pesqueira
- Diploma de redeira artesá
- Formadora de formadores (profesora de redes)
- Asesora e avaliadora de cursos de redeiras
- Outras. Indica cal

11. Cal foi o motivo principal que che levou a escoller esta profesión? (indica unha resposta)

- Continuar coa tradición familiar
- Era a saída laboral máis viable no meu territorio
- Tiña vinculación co sector pesqueiro
- Por unha cuestión económica
- Permíteme conciliar coas responsabilidades familiares
- Outras. Indica cal

12. Cal crees que é a razón principal de que a maioría de profesionais deste sector sexan mulleres? (indica unha resposta)

- Porque da a posibilidade de conciliar coas responsabilidades familiares
- Por continuar coas tradicións familiares
- Porque é un traballo considerado como un complemento económico nas familias
- Porque é unha profesión que se identifica coas mulleres
- Outras. Indica cal

BLOQUE II: INFORMACIÓN PROFESIÓN REDEIRAS

A. ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

13. No teu traballo como redeira, cales son as tarefas que realizas? (podes indicar máis dunha resposta)

- Reparación de redes
- Tarefas de xestión e administración
- Elaboración de redes
- Comercial e trato con clientes e clientas
- Traslado das redes
- Outras. Indica cal

14. Quen contrata habitualmente o traballo? (indica unha resposta)

- Armador ou armadora
- Mediante intermediarios (Efectos navais)
- Outros. Indica quen

15. Como se organiza normalmente o traballo? (indica unha resposta)

- Eu mesma asigno o traballo ás compañeiras
- Outra compañeira encárgase de asignar os traballos
- Por tipo de rede
- Por orden de chegada dos encargos
- Por antigüidade
- Por cliente/a
- Outras. Indica cal

16. Que tipo de rede traballas? (podes indicar máis de unha resposta)

- Arrastre
- Cerco
- Palangre

• Rascos

• Volantín

Artes
Menores

• Volantas

• Trasmallo

• Betas

• Miños

- Volantillas
- Nasas
- Xeito
- Outros

17. Como se organiza normalmente o sistema de remuneración?

	Por horas traballadas	Por días traballados	Por peza realizada	Orzamento pechado	Outras. Indica cal
Arrastre	•	•	•	•	•
Cerco	•	•	•	•	•
Palangre	•	•	•	•	•
Artes menores	•	•	•	•	•

18. Cantos días traballas nun mes cunha carga de traballo normal? (indica unha resposta)

- Menos de 5 días ao mes
- Entre 6 e 11 días ao mes
- Entre 12 e 20 días ao mes
- Máis de 20 días ao mes
- Non sabe / non contesta

19. Nunha xornada normal, cantas horas traballas ao día? (indica unha resposta)

- Menos de 5 horas ao día
- Entre 6 e 8 horas ao día
- Máis de 9 horas ao día
- Non sabe / non contesta

20. Desenvolves algunha actividade profesional complementaria? (podes indicar máis de unha resposta)

- Deseño de pezas de artesanía con redes
- Formación a novas redeiras (profesora, asesora ou avaliadora de certificacións profesionais)
- Reciclaixe das redes para outros usos
- Actividades de divulgación para dar a coñecer a profesión (a escolares, turistas...)
- Outras. Indica cal
- Ningunha

21. Cal é o teu salario medio mensual? (indica unha resposta)

- Menos de 200€ / mes
- Entre 601 e 800€ / mes

- Entre 201 e 400€ / mes
- Entre 401 e 600€ / mes
- Entre 801 – 1.000€/ mes
- Máis de 1.001€ / mes

22. Do salario medio mensual, canto pertence á actividade principal e canto ás actividades complementarias? (Indica unha resposta)

- A maioría do meu salario provén da actividade principal
- O meu salario provén por igual de ambas actividades
- Só realizo a actividade de redeira
- A maioría do meu salario provén das actividades complementarias
- Non sabe / Non contesta

B. SAÚDE LABORAL

23. En que espazo desempeñas principalmente o teu traballo? (pode indicar máis dunha resposta)

- Nave
- Carpa
- Peirao / Porto
- Caseta / Chabola
- No propio barco
- Nun local privado / nun baixo comercial
- Domicilio
- Outros. Indica cal

24. Como valoras as condicións nas que se atopa a instalación principal na que realizas o teu traballo?

	Moi boas condicións	Boas condicións	Regular	Malas condicións	Moi malas condicións	Ns/Nc
Humidade	•	•	•	•	•	•
Ventilación	•	•	•	•	•	•
Temperatura (calefacción e aire acondicionado)	•	•	•	•	•	•
Comodidade (espazos comúns / de descanso)	•	•	•	•	•	•

Hixiene (servizos sanitarios básicos)	•	•	•	•	•	•
Iluminación	•	•	•	•	•	•
Valoración xeral da instalación	•	•	•	•	•	•

25. En que postura realizas habitualmente o teu traballo? (indica unha resposta)

- Sentada nunha cadeira
- Sentada no chan
- De pé
- Alterno estar sentada e de pé
- Outros. Indica cal

26. Tes sufrido algunha destas situacións, a raíz de desenvolver o teu traballo?

- Lumbalxias
- Artrosis
- Síndrome do túnel carpiano
- Fracturas
- Migrañas
- Queimaduras polo sol
- Infeccións de urina (cistitis)
- Outras. Indica cal
- Cervicalxias
- Artritis
- Codo de tenista
- Hernia discal
- Estrés
- Alerxias
- Abortos
- Tendinitis
- Reúma
- Contracturas
- Cortes
- Depresión
- Perda de visión
- Alteracións dixestivas

27. Indica se tes molestias en algunha destas partes do corpo, en relación ao desenvolvemento do teu traballo: (podes indicar máis de unha resposta)

- Pescozo
- Columna dorso - lumbar
- Nuca
- Codos
- Hombros
- Muñecas

- Cadeiras
- Rodillas
- Ollos
- Órganos sexuais e reprodutivos
- Pel
- Mans
- Tobillos
- Pulmóns
- Bazo / vesícula
- Outros. Indica cal
- Dedos
- Pés
- Estómago
- Riñóns

28. Como calificarías a seguridade no desenvolvemento do teu traballo?

- Moi boa
- Boa
- Regular
- Mala
- Moi Mala

29. Cal sería, na túa opinión, a idade máxima para desenvolver o traballo de redeira en condicións óptimas?

C. ASOCIACIONISMO, PARTICIPACIÓN E RECOÑECEMENTO

30. Formas parte dalgunha asociación? (podes indicar máis dunha resposta)

- Asociación de redeiras do Baixo Miño Atalaia
- Asociación profesional de redeiras de Cariño
- Asociación de redeiras de Cedeira
- Redeiras de Porto do Son. Virxe do Carme
- Asociación de redeiras Cabo Burela
- Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao

- Asociación de redeiras Illa da Estrela
- Asociación de redeiras O cerco de Cangas do Morrazo
- Asociación de redeiras O Fieital de Malpica
- Redeiras de Portosín
- A confraría do meu territorio
- Asociación nacional de mulleres da pesca - ANMUPESCA
- Outras. Indica cal
- Ningunha

31. Como valoran os seguintes colectivos o traballo das redeiras? (sinala cunha X)

	Moi valorado	Bastante valorado	Regular	Pouco valorado	Nada valorado	Ns/Nc
A sociedade en xeral	•	•	•	•	•	•
O sector pesqueiro	•	•	•	•	•	•
As propias redeiras	•	•	•	•	•	•
As institucións públicas	•	•	•	•	•	•

BLOQUE III: AGRADECIMIENTO E DEVOLUCIÓN DE RESULTADOS

Por último, por se fixese falta contrastar algunha pregunta ou emendar algún erro, pregamos os seguintes datos de contacto:

Nome	
Teléfono de contacto	

Moitas grazas polas túas respostas. Nos vindeiros meses devolveremos os resultados da análise destes datos e os das compañeiras ao logo da costa galega. Podes contactar con nós en info@redeirasdeg Galicia.org

